

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de novembro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día trinta de novembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1257).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 14 de novembro, ordinaria e extraordinaria e urxente do 16 de novembro e extraordinaria e urxente do 21 de decembro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1258).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE MANTEMENTO DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS, DESENVOLVIDAS INTERNAMENTE, PROPIEDAD DO CONCELLO DE VIGO (2018-2019). EXPTE. 8280/113.

Visto o informe xurídico do 13/11/17 e o informe de fiscalización do 23/11/17, dáse conta do informe-proposta do 21/11/17, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica, o xefe de área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política de Benestar, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e o concelleiro-delegado de Administración Electrónica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. (TRLCSPP)

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución de 21/08/2017 o Concelleiro Delegado de Administración Electrónica acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo para o mantemento de aplicacións, desenvolvidas de xeito interno, propiedade do Concello de Vigo (2018-2019).

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Adxunta Xefe e o Xefe do Servizo de Administración Electrónica o 21/08/2017.
- Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro de Administración Electrónica o 21/08/2017.
- Memoria xustificativa do contrato asinada polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica o 23/08/2017.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica o 23/08/2017.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación do 27/09/2017 sobre a comprobación de que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación 10/11/2017.
- Informe favorable ao expediente de contratación asinado pola Xefa de Asesoramento-Asesoría Xurídica da Asesoría Xurídica en datas 11/10/2017 e 13/11/2017 .

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art 93-1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia está delegada por Decretos de Delegación de Alcaldía de data 19/06/2015 e modificación da resolución de delegacións de alcaldía de data 15 de xaneiro de 2016. O Concelleiro Delegado de Administración Electrónica en resolución de 21/08/2017 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o art 93-3 da LCSP, o prego de prescricións técnicas asinado polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica o

23/08/2017. e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación o 10/11/2017.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é procedemento aberto segundo a lexislación vixente.

Cuarto.- En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segunda, da Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 11/10/2017, informe favorable ao expediente de contratación, devolvéndoo co prego de cláusulas administrativas particulares informado de conformidade.

Quinto.- Segundo a Lei 5/2014 de 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este servizo ostenta competencias propias previstas no artigo 25.2 d) "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" da Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime local, na redacción dada pola lei 27/2013.

Sexto.- No artigo 93-3º da LCSP establece que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito do expediente, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación.

Sétimo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. A resolución segundo o artigo 94 1º da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

PROPOSTA

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo para o mantemento de aplicacións desenvolvido de xeito interno propiedade do Concello de Vigo (2018-2019), que contén o prego de prescricións técnicas de data 23/08/2017 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 10/11/2017.
2. Aproba-lo gasto de 200.000 € para para a contratación do subministro do servizo para o mantemento de aplicacións desenvolvidas de xeito interno propiedade do Concello de Vigo (2018-2019), con cargo as partida 2279902-9207 e 2279900-2310 do exercicios 2018 e 2019 segundo a seguinte distribución:

Partida		Exercicio	IVA	Base	Importe
2279902-9207	Mantemento Software	2018	12.148,76 €	57.851,24 €	70.000,00 €
2279900-2310	Estudios e traballos técnicos	2018	5.206,61 €	24.793,39 €	30.000,00 €
2279902-9207	Mantemento Software	2019	12.148,76 €	57.851,24 €	70.000,00 €
2279900-2310	Estudios e traballos técnicos	2019	5.206,61 €	24.793,39 €	30.000,00 €
Total			34.710,74 €	165.289,26 €	200.000,00 €

3. Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1259).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO MAIOR “SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS”.EXPTE. 5896/113.

Visto o informe xurídico do 16/11/17 e informe de fiscalización do 22/11/17, dáse conta do informe-proposta do 16/11/17, asinado polo técnico responsable de Redes e Comunicación, o xefe do servizo de Admón. Electrónica, o concelleiro-delegado de Admón. Electrónica e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Transcorrido o cuarto ano do inicio do contrato do “Servizo Integral de Comunicacóns do Concello de Vigo”, aprobada a primeira prórroga do mesmo e en aplicación da cláusula 30 PCAP:

“CLÁUSULA 30.- REVISIÓN DE PREZOS

Os prezos da presente contratación serán obxecto de revisión. Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado alomenos no 20 % do seu importe, e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no grupo comunicacóns no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade. O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato. As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación.”

Tendo en conta as datas seguintes:

data de finalización de presentación de ofertas: 11-03-2013
data de adxudicación do contrato: 07-06-2013
data de formalización do contrato: 27-06-2013
data de inicio do contrato: 01-07-2013
data da 1ª revisión do prezo: 01-07-2014

data da 2ª revisión do prezo: 01-07-2015
data da 3ª revisión do prezo: 01-07-2016
data da formalización da primeira prórroga (1 ano) 04-05-2017
data da 4ª revisión do prezo: 01-07-2017

unha vez transcorrido o cuarto ano de execución do contrato , e dada a aprobación da primeira prórroga pola XGL en data 04-05-2017, procede a revisión de prezos prevista na citada cláusula 30ª, para o que terá en conta a variación do “IPC nacional do grupo comunicacións” entre a data de finalización do cuarto ano do contrato (xuño de 2017) e a data do remate da primeira prórroga (xuño de 2018). Consultados os datos publicados polo INE para o período xullo 2016 - xuño 2017, o IPC de comunicacións é dun **2,1%** (valor positivo, incrementa o prezo), polo que en aplicación da citada cláusula, os prezos deberán actualizarse no 85% do índice, en este caso, nun **1,785%**

Incorporase ao expediente a información do INE sobre o dato de variación do IPC do grupo comunicacións.

A continuación achéganse o detalle dos prezos actualizados para o período 01/07/2017 a 30/06/2018 calculados tras a aplicación da cláusula de revisión de prezos naqueles ítems non regulados susceptibles de actualización.

Custes variables. Tráfico							
Orixe móbil -Tipo de tráfico	Chamadas	Minutos	Prezo 1º ano (sen iva)	Prezo 2º ano (sen iva)	Prezo 3º ano (sen iva)	Prezo 4º ano (sen iva)	Prezo 1ª prórroga (sen iva)
TRAFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS (fx-mb)	77.118	125.452	839,06	796,94	784,75	796,76	810,98
TRAFICO NACIONAL A Móviles (fx-mb)	164.112	409.380	12.124,79	11.516,13	11.339,93	11.513,43	11.718,94
TRÁFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS	237.992	403.217	2.637,60	2.505,19	2.466,86	2.504,60	2.549,31
TRAFICO NACIONAL A Fixos	68.974	142.542	4.234,91	4.022,32	3.960,78	4.021,38	4.093,16
TRAFICO NACIONAL A Móviles	307.022	699.155	20.731,72	19.692,99	19.391,69	19.688,38	20.039,82
RESTO DE TRAFICO NACIONAL	5.659	12.081	3.670,23	3.485,98	3.432,64	3.485,16	3.547,37
(2) TRAFICO INTERNACIONAL/ITINERANCIA	2.122	5.049	2.415,07	2.293,83	2.258,73	2.293,29	2.334,23
SMS OPERADORES NACIONALES	189.309	0	9.269,88	8.804,53	8.669,82	8.802,47	8.959,59
(2) SMS INTERNACIONAL/ITINERANCIA	1.089	0	282,82	268,62	264,51	268,56	273,35

Custos Fixos							
Servizos de voz fixa	Prezo unit. 1ºano (sen IVE)	Prezo unit. 2ºano (sen IVE)	Prezo unit. 3ºano (sen IVE)	Prezo unit. 4ºano (sen IVE)	Prezo unit. 1ª prórroga (sen IVE)		
Equipamento: Terminais (1)							
Cliente Softphone	67,50	64,11	63,13	64,10	65,24		
Terminal IP Básico	172,08	163,44	160,94	163,40	166,32		
Terminal IP medio	341,42	324,28	319,32	324,21	330		
Terminal IP avan- zado	498,00	473,00	465,76	472,89	481,33		
Terminal NON IP	36,00	34,19	33,67	34,19	34,8		
Servizo de comu- nicación de datos							
Equipamento de datos (2)							
Switches de LAN	420,40	399,32	393,21	399,23	406,36		
Servizo de acceso a Internet							
Centralizado							
20 M simétricos adicionais	83,70	79,50	78,28	79,48	80,9		
Non Centralizado (asimétricos)							
1M<X<4M	133,56	126,86	124,92	126,83	129,09		
4M<X<8M	147,96	140,53	138,38	140,5	143,01		
8M<X<20M	328,56	312,07	307,3	312,00	317,57		
>20M	394,27	374,48	368,75	374,39	381,07		
Servizos móbiles							
Equipamento: Terminais (1)							
Terminal móbil Bá- sico	64,00	60,79	59,86	60,78	61,86		
Terminal móbil avanzado (smar- tphone)	165,50	157,19	154,78	157,15	159,96		
Terminal móbil gama alta (smar- tphone)	471,00	447,36	440,52	447,26	455,24		
Modem Datos (USB/PCMCIA)	31,00	29,44	28,99	29,43	29,96		
Acceso a datos (tarifas planas)(3)							
Acceso a datos Smartphone	108,00	102,58	101,01	102,56	104,39		

Acceso a datos PC	156,00	148,17	145,9	148,13	150,77		
-------------------	--------	--------	-------	--------	--------	--	--

Fixación do importe da facturación concertada para o período 01/07/2017 - 30/06/2018

A facturación do presente servizo ten unha compoñente fixa e outra variable, en función dos consumos, polo que a cifra real do gasto anual non pode coñecerse con exactitude ao inicio de cada unha das anualidades do contrato.

A modalidade de facturación elixida foi a de factura con importe fixo concertado regularizable anualmente por mor das variacións nos consumos (cláusula 42 do PCAP, e cláusula 5.5.7 do apartado 8 do PPT).

Unha vez rematado o cuarto ano de execución do contrato (período 01/07/2016 ao 30/06/2017) tramitouse ante a Xunta de Goberno Local a aprobación da correspondente regularización co custo do contrato, co seguinte resultado:

Ano 2016-2017	Custo base	IVE 21%	Total (IVE incluído)
Facturación anual concertada abonada	324.445,07	68.133,46	392.578,53 (prezo adjudicación) (32.714,88 euros/mes)
Custo real anual	339.467,96	71.288,27	410.756,23
Diferencia			-18.177,70

Con data 04-05-2017 formalizotécnico responsable de Redes e Comunicación, o xefe do servizo de Admón. Electrónica, o concelleiro-delegado de Admón. Electrónica e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte: use en XGL a primeira prórroga por un ano, que conforme a cláusula administrativa 7 do prego

“O presente contrato poderá ser obxecto de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha delas, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de dez meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

No suposto de facerse efectiva a/s prórroga/s, do prezo do contrato para cada nova anualidade deberá deducirse o custo da amortización das inversións, por estar totalmente recuperado.”

aprobou unha cantidade anual de 274.907,07 € máis 57.730,48 correspondente o 21% do IVE, facendo un total de 332.637,55 €.

Toda vez que, como xa indicouse que non pode concretarse a priori o gasto anual do contrato para cada unha das anualidades do contrato, aos efectos da operatoria orzamentaria e para facilitar o proceso de seguimento de información e de facturación do servizo, propónse deixar constante a estimación do gasto anual do contrato, fixando como cifra estimada de gasto anual, a ofertada para a primeira anualidade da prórroga (332.637,55 euros IVE incluído), e polo tanto manter constante a cifra de facturación fixa mensual concertada (27.719,80 euros/mes IVE incluído). Gasto que será obxecto da correspondente regularización anual en función dos consumos reais.

Por todo o exposto, e no uso da delegacións competencias recollidas na Resolución de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2015, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte:

ACORDO

- Aprobar a revisión dos prezos unitarios, naqueles ítems non regulados susceptibles de actualización, do contrato do “Servizo Integral de Comunicacions”, expediente **5896/113** para o período 01/07/2017 a 30/06/2018 (primeira prórroga).

Custes variables. Tráfico							
Orixe móbil -Tipo de tráfico	Chamadas	Minutos	Prezo 1º ano (sen iva)	Prezo 2º ano (sen iva)	Prezo 3º ano (sen iva)	Prezo 4º ano (sen iva)	Prezo 1ª prórroga (sen iva)
TRAFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS (fx-mb)	77.118	125.452	839,06	796,94	784,75	796,76	810,98
TRAFICO NACIONAL A Móviles (fx-mb)	164.112	409.380	12.124,79	11.516,13	11.339,93	11.513,43	11.718,94
TRÁFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS	237.992	403.217	2.637,60	2.505,19	2.466,86	2.504,60	2.549,31
TRAFICO NACIONAL A Fixos	68.974	142.542	4.234,91	4.022,32	3.960,78	4.021,38	4.093,16
TRAFICO NACIONAL A Móviles	307.022	699.155	20.731,72	19.692,99	19.391,69	19.688,38	20.039,82
RESTO DE TRAFICO NACIONAL	5.659	12.081	3.670,23	3.485,98	3.432,64	3.485,16	3.547,37
(2) TRAFICO INTERNACIONAL/ITINERANCIA	2.122	5.049	2.415,07	2.293,83	2.258,73	2.293,29	2.334,23
SMS OPERADORES NACIONALES	189.309	0	9.269,88	8.804,53	8.669,82	8.802,47	8.959,59
(2) SMS INTERNACIONAL/ITINERANCIA	1.089	0	282,82	268,62	264,51	268,56	273,35
Custos Fixos							
Servizos de voz fixa	Prezo unit. 1ºano (sen IVE)	Prezo unit. 2ºano (sen IVE)	Prezo unit. 3ºano (sen IVE)	Prezo unit. 4ºano (sen IVE)	Prezo unit. 1ª prórroga (sen IVE)		
Equipamento: Terminais (1)							
Cliente Softphone	67,50	64,11	63,13	64,10	65,24		

Terminal IP Básico	172,08	163,44	160,94	163,40	166,32		
Terminal IP medio	341,42	324,28	319,32	324,21	330		
Terminal IP avanzado	498,00	473,00	465,76	472,89	481,33		
Terminal NON IP	36,00	34,19	33,67	34,19	34,8		
Servizo de comunicación de datos							
Equipamento de datos (2)							
Switches de LAN	420,40	399,32	393,21	399,23	406,36		
Servizo de acceso a Internet							
Centralizado							
20 M simétricos adicionais	83,70	79,50	78,28	79,48	80,9		
Non Centralizado (asimétricos)							
1M<X<4M	133,56	126,86	124,92	126,83	129,09		
4M<X<8M	147,96	140,53	138,38	140,5	143,01		
8M<X<20M	328,56	312,07	307,3	312,00	317,57		
>20M	394,27	374,48	368,75	374,39	381,07		
Servizos móviles							
Equipamento: Terminais (1)							
Terminal móvil Básico	64,00	60,79	59,86	60,78	61,86		
Terminal móvil avanzado (smartphone)	165,50	157,19	154,78	157,15	159,96		
Terminal móvil gama alta (smartphone)	471,00	447,36	440,52	447,26	455,24		
Modem Datos (USB/PCMCIA)	31,00	29,44	28,99	29,43	29,96		
Acceso a datos (tarifas planas)(3)							
Acceso a datos Smartphone	108,00	102,58	101,01	102,56	104,39		
Acceso a datos PC	156,00	148,17	145,9	148,13	150,77		

- Autorizar o gasto do contrato para o período 01/07/2017 a 30/06/2018, por importe total de 332.637,55 € (base imponible 274.907,07 €, tipo IVE 21%, importe IVE 57.730,48 €) a prol da empresa adjudicataria UTE Telefónica de España S.A.U – Telefónica Móviles S.A.U.(CIF: U86740305), ascendendo a facturación fixa mensual concertada a 27.719,80 euros, que se imputara á aplicación orzamentaria 9200.2220000 “gastos telefónicos dependencias municipais”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1260).- MODIFICACIÓNS E REGULARIZACIÓNS DE CUSTO DO CONTRATO “SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 5896/113.

Visto o informe xurídico do 16/11/17 e informe de fiscalización do 22/11/17, dáse conta do informe-proposta do 16/11/17, asinado polo técnico responsable de Redes e Comunicación, o xefe do servizo de Admón. Electrónica, o concelleiro-delegado de Admón. Electrónica e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Unha vez finalizado o cuarto ano do contrato do “Servizo integral de Comunicacóns do Concello de Vigo, entre o 1 de xullo de 2016 e o 30 de xuño de 2017 procede dar conta a Xunta de Goberno Local das modificacións aprobadas, así como propoñer a regularización económica correspondente ao citado período.

1. Informe. Modificacións do contrato.

Segundo a cláusula 32 do PCAP de data 28/12/2012, que rexe o presente contrato, reproducida a continuación, achéganse as modificacións aprobadas polo Concelleiro do Area durante o período 1/07/2016 a 30/06/2017, segundo delegación acordada en XGL de data 18/01/2013, resolución de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, e acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de xuño de 2015

CLÁUSULA 32 DO PCAP.- MODIFICACION DO CONTRATO

O Órgano de Contratación poderá modificar os seguintes aspectos do contrato:

- Incorporación de novos servizos e equipos (1)*
- O número de enlaces e servizos (2)*
- O incremento de centros e instalacións municipais (3)*

As CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN son as seguintes:

- Aumento do consumo variable respecto ó estimado (4)*
- Incorporación de novos servizos respecto os solicitados no prego, ben por modificación das necesidades municipais ou ben pola aparición de novas tecnoloxías durante a vixencia do contrato ou ben pola apertura de novas sedes ou centros municipais (5)*
- Situacións de urxencia que poidan requirir necesidades adicionais de servizos(6)*

O contrato poderase modificar ata un 20% do prezo do contrato en todo caso, dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 108, 211 e 219 do TRLCSP.

As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión –en máis ou en menos- sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo ós importes ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación.

As modificacións se aprobarán por resolución do concelleiro de Area e se dará conta das mesmas a Xunta de Goberno en informes trimestrais

ACORDO DA XGL DE DATA 18 DE XANEIRO DE 2013, DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO (EXPTE 65896/113):

Terceiro.- Delegar a competencia de aprobación de modificacións para o contrato do servizo integral de comunicacións, expediente 5896/113, no Concelleiro-delegado da área de Fomento, das que deberá dar conta trimestralmente na Xunta de Goberno Local

Os custos do contrato están divididos en custos fixos, que son os custos coñecidos a priori dos servizos, tales como altas, cotas, mantementos, tarifas planas etc e os custos variables que son os custos descoñecidos previamente, e que son fundamentalmente as chamadas voz, mensaxes e datos. A alta dun servizo inclúe os dous tipos de custos, fixo e variable. A continuación detállanse o listado de modificacións aprobadas cos custos fixos anuais e as circunstancias que posibilitan a modificación segundo a cláusula 32 do PCAP.

Listado de modificacións (altas) aprobadas entre o 1 de xullo de 2016 e o 30 de xuño de 2017 que afectan os custos de tipo fixo

Nº.EXPEDIENTE	DATA	SERVIZO	CONCEPTO	CUSTOS FIXOS ANUAIS SEN IVE	TIPOLOXÍA Cláusula 32
7563/320	20/03/2017	PARTICIPACION CI-DADA	ALTA TELEFONÍA E DATOS DO CENTRO MUNICIPAL DE DISTRITOS DE BOUTAS (CASA DO PATÍN)	3.288,88 €	1,3
95345/210	21/10/2016	SEGURIDADE E MOBILIDADE	SOLICITUDE DE TELÉFONO CORPORATIVO SMARTPHONE	300,68 €	1,5
92006/210	21/10/2016	SEGURIDADE E MOBILIDADE	SOLICITUDE DE TELÉFONO CORPORATIVO SMARTPHONE	300,68 €	1,5
15295/331	17/03/2016	CULTURA	SOLICITUDE DE TELÉFONO CORPORATIVO SMARTPHONE	300,68 €	1,5
14189/101	13/07/2016	ALCALDÍA	SOLICITUDE DE TELÉFONO FIJO	160,94 €	1,5
7886/113	28/07/2016	ALCALDÍA	SOLICITUDE DE 2 TELÉFONOS CORPORATIVOS SMARTPHONE	601,37 €	1,5
4073/440	07/09/2016	FOMENTO	SOLICITUDE DE TELÉFONO CORPORATIVO SMARTPHONE	300,68 €	1,5
12085/445	08/09/2016	PARQUE MÓBIL	SOLICITUDE DE TELÉFONO CORPORATIVO	59,86 €	1,5
9079/446	20/09/2016	MONTES, PARQUES E XARDÍNS	PETICIÓN LÍNEA TELEFÓNICA	194,74 €	1,5
78394/250	20/09/2016	VIAS E OBRAS	SOLICITUDE DE TELÉFONO CORPORATIVO SMARTPHONE	300,68 €	1,5
98841/210	23/09/2016	SEGURIDADE E MOBILIDADE	SUMINISTRO DE TARJETAS SIM PARA CONTROL DE TRÁFICO	583,60 €	1,5
885/611	26/12/2016	SERVIZO MUNICIPAL DOS DEPORTES	SOLICITUDE DE LIÑAS TELEFONIA MOVIL PARA DESFIBRILADORES EN INSTALACIONS DEPORTIVAS	1.008,00 €	1,5
4514/440	20/03/2017	FOMENTO	SOLICITUDE DE TELÉFONO CORPORATIVO SMARTPHONE	368,68 €	1,5

14557/101	01/12/2016	ALCALDÍA	SOLICITUDE DE TELÉFONO CORPORATIVO SMARTPHONE	300,68 €	1,5
52031/212	07/01/2017	POLICÍA LOCAL	SOLICITUDE DE 2 TELÉFONOS CORPORATIVOS SMARTPHONE	673,37 €	1,5
79513/250	20/03/2017	VIAS E OBRAS	SOLICITUDE DE TELÉFONO CORPORATIVO SMARTPHONE	336,68 €	1,5
13752/77	13/01/2017	DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO	ALTA VOZ E DATOS PARA A NOVA SEDE DO CENTRO MUNICIPAL DE EMPREGO	2.437,24 €	1,3
4412/440	26/01/2017	FOMENTO	SOLICITUDE DE TELÉFONO CORPORATIVO SMARTPHONE	336,68 €	1,5
35856/444	02/02/2017	ELECTROMECANICOS	SOLICITUDE DE TELÉFONO CORPORATIVO SMARTPHONE	336,68 €	1,5
4527/440	23/03/2017	FOMENTO	SOLICITUDE DE TELÉFONO CORPORATIVO SMARTPHONE	336,68 €	1,5
7579/224	21/02/2017	IGUALDADE	SOLICITUDE ACCESO A INTERNET EN LOCAL MUNICIPAL	394,27 €	1,5
2375/500	27/03/2017	DIRECCION DE INGRESOS	SOLICITUDE DE TELÉFONO CORPORATIVO	64,00 €	1,5
8155/113	11/04/2017	ADMINISTRACION ELECTRONICA	ALTA COMUNICACIONES SERVICIO DE RECUPERACION DE DESASTRES EN CPD REMOTO	1.294,20 €	1,5
471/201	20/04/2017	CONSERXERIA	SOLICITUDE DE TELÉFONO CORPORATIVO	64,00 €	1,5
29977/220	03/05/2017	RRHH	SOLICITUDE DE TELÉFONO CORPORATIVO SMARTPHONE	336,68 €	1,5
1370/611	16/06/2017	CONCELLERIA DE DEPORTES	INTEGRACION NA REDE CORPORATIVA DAS SEDES DE DEPORTES: CANDIÁN, BOUZAS, COIA, TEIS	5.176,80 €	1,3
			TOTAL	19.857,43 €	

Por outro lado, a continuación relaciónanse as baixas de servizos durante o terceiro ano do contrato coa estimación dos custos anuais fixos correspondentes:

Concepto	Cantidade	Custos estimados Fixos Anuais sen IVE	Tipoloxía cláusula 32
Liñas RTB eliminadas por integración de FAX	11	1551,00	1,5
Liñas RDSI	2	411,16	1,5
ADSL	2	535,68	1,5
Sede VPN/IP	1	529,80	1,5
Tarifas planas datos móbiles	11	1650,00	1,5
TOTAL		4.677,64 €	

O total estimado anual sen iva dos custos debidos as modificacións para os **custos fixos** é a diferenza entre as altas aprobadas e as baixas, e supón a cantidade de **15.179,79 €**. Esta

é unha estimación anualizada, xa que na realidade as altas e baixas se prorratean desde a súa data efectiva, polo que non coincide exactamente coa regularización real.

É necesario destacar que a partires do 1 de xaneiro de 2016 os organismos autónomos Instituto Municipal dos Deportes, Vigozoo e Escola Municipal de Artes e Oficios integráronse no Concello de Vigo. Os citados organismos xa estaban adheridos as mesmas condicións do contrato do servizo integral de comunicacións, e, a partires de eses momento, entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2017 os seus custos están imputados o Concello de Vigo, polo que é preciso ter en conta as desviacións producidas por tal causa.

As modificacións de servizos así como os cambios dos consumos variables respecto os estimados dos servizos inicialmente contratados, deron lugar as seguintes variacións, recollidas no punto (4) da cláusula 32 do PCAP:

Para tráfico variables de servizos fixos

Tipo de tráfico	Tráfico Estimado Contrato			Tráfico Real 2016-2017		
	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE
Metropolitana	396.137	718.875	6.038,52	175.296	360.763,17	3.030,41
Metropolitanas internas corporativas	68.708	203.184	0			
Provincial	21.548	50.840	648,24	10.738	26.762,22	341,22
Nacional	40.207	78.920	1.022,76	42221	51905	672,89
Internacional	1.688	6.442	223,68	1486	8444,35	293,12
Móbil	165.604	347.214	10.144,92	27.496	48.133,38	1.406,36
Rede Intelixente	52.038	42.611	3.720,48	26.983	33.245,95	4.422,88
Resto	42.070	33342	2.254,92	11.562	21612,27	1.018,87
TOTAL (TCF)			24.053,52			11.185,75

Para tráfico variables de servizos móbiles

Tipo de tráfico	Tráfico Estimado Contrato			Real		
	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE	Chamadas	Minutos	Custo sen IVE
TRAFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS (orixen fixo-Móbil)	77.118	125.451,81	839,06	233.135	383.886,73	3.702,13
TRAFICO NACIONAL A Móviles (orixen fixo-Móbil)	164.112	409.379,72	12.124,79	338.988	632.347,2	25.144,19
TRAFICO INTERNO Móviles CORPORATIVOS	237.992	403.216,67	2.637,60	110.172	164.751,7	1.649,54
TRAFICO NACIONAL A Fixos	68.974	142.541,58	4.234,91	24080	50.318,38	1.565,6
TRAFICO NACIONAL A Móviles	307.022	699.155,00	20.731,72	557.310	1.278.600,80	43.813,60

RESTRO DE TRAFICO NACIONAL	5.659	12.081,44	3.670,23	2.167	5.101,30	970,98
(2) TRAFICO INTERNACIONAL/ITINERANCIA	2.122	5.049,41	2.415,07	2.038	7.747,47	1.546,56
SMS OPERADORES NACIONALES	189.309	0	9.269,88	126.484		6.128,13
(2) SMS INTERNACIONAL/ITINERANCIA	1.089	0	282,82	209		91,14
			56.206,07			84.611,87

O total anual de variación por mor do aumento do consumo variable respecto o estimado (4) é de

	Importe oferta (sen IVE)	Importe real (sen IVE) 1º ano	Importe real (sen IVE) 2º ano	Importe real (sen IVE) 3º ano	Importe real (sen IVE) 4º ano	Diferenza (sen IVE) 4º ano e oferta
Custos variables servicios fijos	24.053,52	23.836,86	18.158,75	11.881,97	11.185,75	-12.867,77
Custos variables servicios móviles	56.206,07	79.312,22	79.144,38	78.071,49	84.611,87	28.405,80
Total	80.259,59	103.149,08	97.303,13	89.953,46	95.797,62	15.538,03

O total estimado das modificacións aprobadas é a suma das modificacións dos custos fijos aprobados **15.179,79 (€)** e dos custos variables **15.538,03 (€)** resultando unha cantidade de **30.717,82€ sen IVE**, que supón un **9,4678%** da oferta **anual e un 2,3669%** da oferta total de 4 anos.

As modificacións aprobadas nos anos 2013-2014, 2014-2015 e 2015-2016 foron do **3,6895%** respecto a oferta TOTAL (4 anos). No conxunto do contrato, o total de modificacións aprobadas acumuladas nos catro anos do contrato respecto a oferta TOTAL (4 anos) é o **6,0564 %**, que non supera o límite establecido do 20%

2. Proposta de regularización económica

Segundo a cláusula 5.5.7, no seu apartado 8, do PPT:

“Os licitadores indicarán nas súas propostas o formato, contidos, nivel de detalle, ferramentas de procesamento, data de presentación factura, e outras. Así mesmo, poderán propoñer esquemas tarifarios, baseados en custo/tempo ou custo/información polos diferentes tipos de tráfico ou facturacións fixas. No caso de propoñer un formato de facturación fixa concertada, presentarse como mínimo anualmente una proposta de regularización en base os custos reais para cada entidade municipal facturada. O Concello de Vigo resérvase a opción de efectuar regularizacións cada vez que o proceso de facturación o requira.”

así como a cláusula 32 do PCAP respecto as modificacións, e dado que o adxudicatario propuso un formato de facturación concertada fixa, procede a realización dunha regularización transcorrido o terceiro ano de contrato.

O custo anual do contrato ofertado polo adxudicatario, que contén un custo fixo e outro variable, ascendeu a 392.578,53 euros (IVE incluído), polo que ao optarse por unha facturación fixa concertada supuxo unha facturación mensual de 32.714,88 euros/mes para o primeiro ano do contrato e que se mantivo no segundo, terceiro e cuarto ano segundo proposta aprobada pola XGL.

Segundo a proposta de regularización anual de data 6 de outubro de 2016 realizada polo adxudicatario, e unha vez realizados os análises e comprobación da facturación, por parte do servizo de Administración Electrónica, resulta a seguinte regularización para o Concello de Vigo:

Segundo os custos sexan fixos ou variables (importes sen IVE)

	Importe oferta (abonado)	Importe real 1º ano	Importe real 2º ano	Importe real 3º ano	Importe real 4º ano	Diferenza 4º ano - oferta
Custos Fixos	244.185,48	225.129,40	223.467,49	247.775,13	243.670,34	-515,14
Custos variables (orixe fixo)	24.053,52	23.836,86	18.158,75	11.881,97	11.185,75	-12.867,77
Custos variables (orixe móbil)	56.206,07	79.312,22	79.144,38	78.071,49	84.611,87	28.405,80
Total	324.445,07	328.278,47	320.770,62	337.728,59	339.467,96	15.022,89

En resumen:

	Custo anual		
Facturación concertada abonada total	324.445,07 €		
Custo real	339.467,96 €	IVE 21%	Total Regularización
Diferencia	15.022,89 €	3.154,81 €	18.177,70 €

A diferenza das modificacións aprobadas e a regularización real débese a estimación anualizada das altas e baixas fronte o prorrateo real segundo a data efectiva das súas realizacións así como as variación de prezos (85% do IPC anual de comunicacións) aplicada durante a vixencia do contrato últimos anos

A empresa adxudicataria, UTE Telefónica de España S.A.U - Telefónica Móviles España S.A.U. (CIF: U86740305) é conforme coa regularización por un importe total ó seu favor de **18.177,70 €** segundo a citada proposta de regularización que se anexa ao expediente.

Por todo o exposto, e no uso da delegacións de competencias recollidas na Resolución de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, e Acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de xuño de 2015, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte:

ACORDO

1. A Xunta de Goberno Local dáse por enterada das modificacións aprobadas polo Concelleiro delegado de Administración Electrónica con relación ao contrato "Servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo" entre o 01/07/2016 e o 30/06/2017,

segundo o acordos de delegacións acordado en XGL de 18 de xaneiro de 2013 e do 19 de xuño de 2015, por unha cantidade de **30.717,82 € sen IVE**, que supón un **9,4678%** do prezo anual e un acumulado en catro anos do contrato do **6,0564%** do prezo total.

2. Aprobar a regularización do custo do contrato do “Servizo integral de comunicacións do concello de Vigo” entre as datas 01/07/2016 e o 30/06/2017, da que deriva un gasto adicional para o Concello por importe de **18.177,70 €**
3. Autorizar o gasto e recoñecer a obriga de pagamento nunha factura única por un total de **18.177,70 €** (base imponible **15.022,89 €**, tipo IVE 21%, importe IVE 3.154,81 €) a prol da empresa adxudicataria UTE Telefónica de España SAU – Telefónica Móviles S.A.U. (CIF U86740305) que se imputará á aplicación orzamentaria 9220.2220000 “gastos telefónicos dependencias municipais”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1261).- RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA ACORDO DA XGL DE CONCESIÓN E DENEGACIÓN DAS AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017. EXPTE. 132218/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 21/11/17, asinado polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, a xefa de Benestar Social, o xefe da Área e a concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 29.12.2016, acordou aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 132218/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2017 consignouse unha partida por importe de 1.640.000 € destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas *alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética*”).

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal

<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=1776&lang=ga> e no BOP de Pontevedra nº 6 do 10 de xaneiro de 2017. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOP nº 24, do 03.02.2017, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 2.751 solicitudes.

I.5. Polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social) foron tramitadas as solicitudes e comprobado o cumprimento dos requisitos esixibles e a correspondente documentación acreditativa. A seguir, procedeu á súa avaliación de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación.

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBR), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 29.06.2017 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.947 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 170.015.178 e remata co nº 170.033.926), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017». O gasto total (1.599.957,48 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”.

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 804 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 170.015.193 e remata co nº 170.072.540) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social. Será obxecto de publicación tamén no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitirase a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes

establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

I.8. Contra este acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN. De todos eles, propúxose xa ó órgano resolutorio a estimación dos referidos a solicitudes que sí cumprían os requisitos das bases da convocatoria. Os demais serán obxecto de desestimación expresa nos termos recollidos nesta proposta.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RD.Lex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministrados e alimentación – 2017 (Concello de Vigo; XGL 29.12.2016; BOP nº 6, do 10.01.2017 e BOP nº 24, do 03.02.2017).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 29.06.2017, desestimatorio das súas solicitudes de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017».

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpoñense en prazo e forma polas persoas interesadas e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Examinado o seu contido, propoñemos **DESESTIMAR** expresamente os recursos que se relacionan no CADRO ANEXO, toda vez que o Acordo da XGL impugnado resulta axustado ás bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017» e as respectivas solicitudes foron correctamente desestimadas por superar o nivel de rendas establecido nas Bases para a unidade familiar ou de convivencia, por non achegar toda a documentación necesaria ou polas demais causas sinaladas en cada caso no Anexo II daquel Acordo (carecer do permiso de residencia, falta da antigüidade esixida no PMH, falecemento, etc.). Achégase en cada un dos expedientes, a modo de ficha, unha explicación pormiudada dos feitos e motivos que xustifican a desestimación do recurso en cuestión.

Polo exposto, a resolución desestimatoria adoptada a respecto desas solicitudes foi correcta e debe ser confirmada nesta instancia.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar os recursos potestativos de reposición presentados contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 29.06.2017 polo que se denegaron as solicitudes de concesión de axudas económicas ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017» que figuran no Cadro Anexo por superar o nivel de rendas máximo establecido nas Bases, non achegar toda a documentación requirida ou polas demais circunstancias que se expresan en cada caso (Base 7ª pto. 1, Apdo. 5; Bases 9ª, 11ª e ccdtes.). O Anexo comeza coa persoa recorrente nº 1, con DNI/NIE/Pasaporte nº 36.121.802-A (Doc. nº 170099359; Exp. nº 133768/301) e remata coa nº 66, con DNI/NIE/Pasaporte nº 36.157.563-E (Doc. nº 170104094; Exp. nº 135068/301).

SEGUNDO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO RECURSOS AEFAS 2017 DESESTIMADOS

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
1	36.121.802-A	133768/301	Avda. Camelias nº 81, 6º – esq. 36211 Vigo	11/07/2017 170099359	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 3 membros (computables): 400€/mes, Base sétima, Táboa I.1]
2	53.821.349-S	137191/301	Irmáns Quintela Pérez nº 4, 5º-O 36207 Vigo	10/07/2017 170098618	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros (computables): 325€/mes, Base sétima, Táboa I.1]
3	37.323.172-Z	134263/301	Couto San Honorato nº 73 - Bx. 36204 Vigo	11/07/2017 170099264	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
4	X3227487-N	134427/301	3ª Travesía da Pastora nº 5 PO2 ext. 36210 Vigo	11/07/2017 170099219	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
5	36.154.434-K	133790/301	Sanjurjo Badía nº 120, 3º 36207 Vigo	11/07/2017 170099214	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
6	39.452.427-K	134331/301	Travesía de Vigo nº 209 Esc.2, PO3, P.17 36216 Vigo	10/07/2017 170098637	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
7	36.140.751-T	136438/301	Colombia nº 10, 2º-C 36204 Vigo	11/07/2017 170099173	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases [inclúese prorrateo ingresos de E.R.R.B. desde 10.01.2017]
8	76.728.436-E	134256/301	Travesía de Vigo nº 94, P2, 5º-I 36206 Vigo	13/07/2017 170101405	(2) [Declaración IVE último trimestre 2016 de S.C.B.R.]

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
9	36.123.325-P	137206/301	Manuel de Cominges nº 128, Bx. 36213 Vigo	05/07/2017 170096995	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros (computables): 325€/mes, Base sétima, Táboa I.1]
10	36.138.549-Y	135861/301	Via Norte nº 70, 1º-B 36206 Vigo	10/07/2017 170099010	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
11	53.672.788-B	134166/301	1ª Travesía dos Foxos nº 8, 2º 36207 Vigo	14/07/2017 170101763	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
12	36.151.895-N	133856/301	Colombia nº 7, 1º 36204 Vigo	17/07/2017 170102347	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 1 membro: 275€/mes, Base sétima, Táboa I.1]
13	Y0494336-B	133957/301	Baixada á Salgueira nº 33, 1º-D 36204 Vigo	19/07/2017 170103577	(1) [G.S.D.S. non cumpre Padrón (2015) e non computa como membro da unidade familiar]
14	X8812703-T	136723/301	Alcalde Gregorio Espino nº 32, 8º-B 36205 Vigo	19/07/2017 170103578	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros: 325€/mes, Base sétima, Táboa I.1]
15	48.755.294-D	134850/301	Rúa de Santiago nº 8, Ático 36202 Vigo	19/07/2017 170103584	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros: 325€/mes, Base sétima, Táboa I.1]
16	39.491.037-Z	135030/301	Parachán nº 50, Bx. 36317 Vigo	19/07/2017 170103596	(1) [Supera a renda máxima para unha unidade de 2 membros: 325€/mes, Base sétima, Táboa I.1]
17	15.359.488-L	135201/301	Travesía de Vigo nº 177-B, 3º-C 36207 Vigo	19/07/2017 170103485	(1) [Supera a renda máxima para unidades de 1 membro: 275€; Base sétima, Táboa I.1]
18	Y1618770-K	134243/301	Vizcaya nº 9, Bx. 36206 Vigo	18/07/2017 170103300	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
19	X0629550-V	134916/301	Estrada Vella de Madrid nº 76, Bx. 36214 Vigo	12/07/2017 170100878	(1) [Impútase RISGA de 4 membros]
20	36.139.102-F	134785/301	Avda. Ramón Nieto nº 321, P.2 1º-I 36205 Vigo	10/07/2017 170098692	(1) [Compútase prestación SEPE + rendementos autónomo A.C.C.: supera a renda máxima para unidades de 3 membros: 400€]

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
21	03468020-B	136455/301	Marín nº 13, 7º-A 36209 Vigo	18/07/2017 170103022	(1) [Impútase efectos reanudación RISGA xaneiro/2017. Supera a renda máxima para unidades de 6 membros: 550€; Base sétima, Táboa I.1]
22	35.458.883-J	134190/301	Menéndez Pelayo nº 20, 3º-D 36211 Vigo	18/07/2017 170103042	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
23	32.809.582-J	134580/301	Pinal de adentro nº 3, 7º-D 36210 Vigo	13/07/2017 170101603	(1) [Renda efectiva estimada xaneiro/2017: 519,62€; renda máxima para unidade de 2 membros: 325€/mes, Base sétima, Táboa I.1]
24	53817578-Q	134449/301	Travesía Pastora 3, nº 5, 1º- ex. 36210 Vigo	18/07/2017 170102822	(1) [Renda efectiva xaneiro/2017: 494,64€; renda máxima para unidade de 2 membros: 325€/mes, Base sétima, Táboa I.1]
25	X7980793-T	134298/301	Travesía de Vigo nº 72, 2º-E 36206 Vigo	11/07/2017 170099973	(1) [A renda efectiva en xaneiro/2017, aínda deducindo o gasto de aluguer, supera a máxima para unidades de 2 membros: 325€/mes, Base sétima, Táboa I.1]
26	36.139.141-T	135326/301	Aguadiña nº 8, Bx - Sampaio 36215 Vigo	13/07/2017 170101319	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
27	X9943012-C	136008/301	Torrecedeira nº 22 PBJ 16 36202 Vigo	14/07/2017 170101801	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
28	X9406224	135817/301	Travesía de Vigo nº 5, 5º, Pta.5 36206 Vigo	17/07/2017 170102238	(1) [Renda efectiva xaneiro/2017: 561,20€; renda máxima para unidade de 2 membros: 325€/mes, Base sétima, Táboa I.1]
29	39.496.005-Z	133773/301	Pintor Colmeiro nº 10, 6º-A 36211 Vigo	17/07/2017 170102316	(1) [Só computa un membro da unidade familiar; Y.C.A. e A.G.C. non cumpren Padrón]
30	X2592729-P	135831/301	Rosalía de Castro nº 45, 7º-J 36201 Vigo	18/07/2017 170102966	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
31	44.053.146-G	136454/301	Esperanto nº 2 PO3-N 36204 Vigo	19/07/2017 170103659	(1) [Impútase RISGA de 1 membro: 399,38€. Foi informado en 2015 e decembro/2016; Base 7º.7.1.3.]

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
32	53.180.698-Y	134359/301	Avda. Castrelos nº 230, 2º-C 36210 Vigo	17/07/2017 170102405	(1) [Renda efectiva: 277,08€; renda máxima para unidades de 1 membro = 275€, Base sétima, Táboa I.1] (*) RISGA en 2016: 367,43€. RISGA en 2017: 399,38€
33	36.074.033-M	135535/301	Sebastián Elcano nº 12, 3º 36208 Vigo	19/07/2017 170103647	(1) [Impútase RISGA de 1 membro: 399,38€. Foi informado en 2015; Base 7º.7.1.3.]
34	34.871.993-Z	136926/301	Condesa Casa Bárcena nº 1, 7º-F 36204 Vigo	10/08/2017 170112246	(1) [Renda efectiva: 426,01€; renda máxima para unidades de 1 membro = 275€, Base sétima, Táboa I.1]
35	Y0610155-W	137017/301	Pi i Margall nº 106, 4º-T 36202 Vigo	28/08/2017 170117615	(3) [Inadmisión: recurso presentado fóra de prazo. Data notificación: 19.07.2017] (*) Existe outra solicitude da mesma unidade de convivencia.
36	54.384.113-S	135133/301	República Argentina nº 24, 7º-F 36201 Vigo	05/09/2017 170120846	(3) [Inadmisión: recurso presentado fóra de prazo. Data notificación: 04.08.2017] (*) Impútase RISGA de 1 membro = 399,38€. Foi informada en 2016 (Base 7ª.7.1.3.)
37	X0659635-H	137255/301	Mestre Chané nº 8, 5º-I 36206 Vigo	11/08/2017 170112806	[Inadmisión: recurso presentado fóra de prazo. Data notificación: 05.07.2017] (*) Impútase RISGA de 1 membro = 399,38€. Foi informado en 2015 (Base 7ª.7.1.3.)
38	54.430.352-R	133860/301	Pizarro nº 55, 2º 36204 Vigo	18/08/2017 170115065	(1) [Renda efectiva = 494,76€; renda máxima para unidades de 2 membros = 325€, Base sétima, Táboa I.1]
39	Y0731966-M	133926/301	Zaragoza nº 50, 2º-H 36211 Vigo	21/07/2017 170104854	(1) [Impútase RISGA: 527,18€. Foi suspendida por causas imputables á interesada; Base 7ª.7.1.3.]
40	53.193.314-H	137203/301	Avda. da Florida nº 125, 5º-E 36210 Vigo	07/08/2017 170110712	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
41	73.910.798-E	135368/301	Aragón nº 73, S01 36206 Vigo	04/08/2017 170109992	(3) O solicitante leva menos de 3 anos empadroado no municipio. Data PMH: 27.02.2014; Data BOP convocatoria AEFAS 2017: 03.02.2017 (Base sétima 1.1)
42	79.259.795-R	136536/301	Camiño Pombal nº 41, Bx. 36205 Vigo	04/08/2017 170109946	(3) A solicitante leva menos de 3 anos empadroada no municipio. Data PMH: 13.10.2014; Data BOP convocatoria AEFAS 2017: 03.02.2017 (Base sétima 1.1)
43	X3466913-P	135648/301	Venezuela nº 76, 2º 36204 Vigo	04/08/2017 170109871	(1) [Renda efectiva considerada xaneiro/2017: 1.051,74€; renda máxima para unidades de 5 membros = 500€, Base sétima, Táboa I.1]
44	36.130.573-B	136254/301	Alexandre Bóveda nº 7, Bx. Pta. 25 36210 Vigo	31/07/2017 170107407	(1) [Renda efectiva: 525,93€; renda máxima para unidades de 4 membros = 450€, Base sétima, Táboa I.1]
45	Y1262055-J	135595/301	Sampaio de Abaixo nº 80, S01 36215 Vigo	03/08/2017 170109421	(3) A solicitante non acredita a residencia legal en España.
46	36.121.669-P	134288/301	Isaac Peral nº 6 Bx. 36201 Vigo	20/07/2017 170103983	(1) [Renda efectiva: 426,01€; renda máxima para unidades de 1 membro = 275€, Base sétima, Táboa I.1]
47	X3466959-P	136824/301	Pizarro nº 56, 7º-B 36204 Vigo	17/07/2017 170102554	(1) [Renda efectiva: 342,98€; renda máxima para unidades de 2 membros = 325€, Base sétima, Táboa I.1]
48	Y1273785-J	136033/301	Sanjurjo Badía nº 27, 1º-A 36207 Vigo	14/07/2017 170101688	(1) [Renda efectiva: 309,83€; renda máxima para unidades de 1 membro = 275€, Base sétima, Táboa I.1] (*) S.V.C. non cumpre PMH (Base sétima 1.1)
49	X9723049-Y	137381/301	Avda. Castelao nº 14, 4º-B 36209 Vigo	17/07/2017 170102318	(2) [Non achegou autorización de residencia en vigor]
50	77.001.017-F	137144/301	Bolivia nº 35, 4º-C 36204Vigo	26/07/2017 170105858	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
51	X5459967-C	134317/301	Ecuador nº 16, Bx. 36203 Vigo	28/07/2017 170106774	(3) O solicitante non acreditou a residencia legal en España

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
52	36.092.698-V	136888/301	Sta. María de Oia nº 4, 2º-A 36209 Vigo	17/07/2017 170102335	(1) [Renda efectiva: 641,47€; renda máxima para unidades de 3 membros = 400€, Base sétima, Táboa I.1]
53	36.085.149-N	137111/301	Avda. Balaídos nº 56, 2º-Drta. 36210 Vigo	01/08/2017 170108011	(1) [Tivéronse en conta os ingresos da unidade familiar no mes de xaneiro/2017; incluída, polo tanto, a pensión de M.F.G., falecido o 22.02.2017]
54	36.035.011-Z	134949/301	Redondela nº 4, 11º-C 36209 Vigo	28/07/2017 170106879	(1) [Renda efectiva: 453,66€; renda máxima para unidades de 3 membros = 400€, Base sétima, Táboa I.1]
55	54.470.130-N	137241/301	Pino nº 41, P01 36206 Vigo	31/07/2017 170107334	(1) [Impútase RISGA de 1 membro: 399,38€. Foi informada en 2016; Base 7ª.7.1.3.]
56	36.152.451-Q	136765/301	Portela nº 46, P17, C 36205 Vigo	24/07/2017 170105219	(1) [Impútase RISGA de 2 membros: 473,93€. Foi informada en 2016; Base 7ª.7.1.3.]
57	36.079.154-C	137327/301	Bueu nº 26, 1º-D 36209 Vigo	27/07/2017 170106404	(1) [Renda efectiva: 368,90€; renda máxima para unidades de 2 membros = 325€, Base sétima, Táboa I.1]
58	36.158.430-S	135553/301	Fotógrafo Luis Ksado nº 7, 7º-G 36209 Vigo	28/07/2017 170106780	(1) [Renda efectiva: 428,01€; renda máxima para unidades de 2 membros = 325€, Base sétima, Táboa I.1]
59	36.000.306-Q	137439/301	Avda. Castrelos nº 82, 3º 36210 Vigo	21/07/2017 170104453	(1) [Renda efectiva: 341,94€; renda máxima para unidades de 1 membro = 275€, Base sétima, Táboa I.1]
60	36.143.569-N	135960/301	Cmño. Ánimas nº 3, Bx. 36216 Vigo	17/07/2017 170102605	(1) [Impútase RISGA de 1 membro como ingreso mínimo estimado: 399,38€. O solicitante recoñeceu a obtención de ingresos (non periódicos) de aprox. 1.000€/evento, pero non acreditou os correspondentes a xaneiro/2017]

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
61	54.468.881-M	135373/301	Brasil nº 60, 2º-Esq. 36204 Vigo	21/07/2017 170104778	(2) [Nómina do mes de xaneiro/2017 de E.N.C.V.]
62	36.114.854-T	134244/301	Avda. Castelao nº 87, PO5, 1º- Esq. 36209 Vigo	12/07/2017 170100934	(1) [Renda efectiva: 431,56€; renda máxima para unidades de 3 membros = 400€, Base sétima, Táboa I.1]. (*) Tivéronse en conta os ingresos da unidade familiar en xaneiro/2017: 426€+24,25€ +200€]
63	36.051.835-W	137542/301	Laxielas nº 11 (Navia) 36212 Vigo	24/07/2017 170105236	(1) [O interesado xustificou documentalmente que o uso e disfrute da outra vivenda de Laxielas foille atribuída xudicialmente á súa ex- cónxuxe, pero consta o arquivo da solicitude de RISGA en decembro/2016 por non presentar a documentación requirida. En consecuencia, impútase RISGA de 1 membro (399,38€; Base 7ª.7.1.3.), polo que superaría os ingresos máximos considerados: 275€]
64	36.134.585-K	133848/301	1ª Travesía Padre Celso nº 4, Bx. 36206 Vigo	26/07/2017 170105810	(1) [Aclárase que o seu fillo, A.M.F. sí foi incluído na unidade familiar, ó igual que a súa aboa M.F.Q., falecida o 31.01.2017, de acordo coa Base 7ª.1.1.2. Non se tivo en conta no cálculo dos ingresos de xaneiro/2017 a pensión de alimentos do fillo, reclamada xudicialmente, pero sí a pensión de viudedade da aboa dese mes. A discapacidade considerada na Base 14ª é a igual ou superior ó 65%. Renda efectiva: 934,60€; renda máxima para unidades de 3 membros = 400€, Base sétima, Táboa I.1]

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
65	36.171.297-W	137161/301	Illas Baleares nº 15, Bx. 36203	21/07/2017 170104417	(1) [Comprobouse que figura empadroado en Vigo, pero impútase RISGA de 1 membro: 399,38€. Foi informado de RISGA en 2015 (25.02.2015), 2016 (07.07.2016) e 2017 (01.03.2017) e non a solicitou; Base 7ª.7.1.3. Renda máxima para unidades de 1 membro = 275€, Base sétima, Táboa I.1]
66	36.157.563-E	135068/301	Avda. Alcalde Portanet nº 20, 1º-D 36210 Vigo	20/07/2017 170104094	(1) [Impútase RISGA de 1 membro: 399,38€. Foi informada o 07/11/2016; Base 7ª.7.1.3. Renda máxima para unidades de 1 membro = 275€, Base sétima, Táboa I.1]

6(1262).- RESOLUCIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR APAMP CONTRA CORDO DENEGATORIO DE AXUDA ECONÓMICA DAS “SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2017”. EXPTE. 148138/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 21/11/17, asinado polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, a xefa de Benestar Social, o xefe da Área e a concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión do 30.03.2017, acordou aprobar as bases reguladoras das «SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2017» (BOP nº 69, do 07.04.2017; extracto BOP nº 75, do 19.04.2017).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de posibilitar a execución de proxectos e actividades na área dos servizos sociais de Vigo por parte de entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro, dirixidos ós colectivos que na Base 2ª se relacionan: familia e infancia, maiores, persoas con discapacidade, persoas emigrantes, inmigrantes e pertencentes a minorías étnicas, persoas marxinadas sen fogar e persoas toxicómanas.

I.3. De acordo coas Bases e coa normativa reguladora das subvencións, estas axudas públicas outórganse de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade (Ba-

ses primeira, novena, décimo primeira e concordantes), así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, transparencia, igualdade e non discriminación (Art. 8.3 LXS e Art. 5.2 LSG).

I.4. As Bases foron integramente publicadas no BOP de Pontevedra nº 69, do 07.04.2017, na web municipal e no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello. Tamén publicáronse anuncios na prensa local. O prazo de presentación de solicitudes foi dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación dos extracto da convocatoria no BOP (BOP nº 75, do 19.04.2017) .

I.5. Tal como se reflicte na Acta da Comisión de Avaliación destas axudas de data 03.07.2017, durante ese prazo presentáronse un total de 54 proxectos de distintas asociacións, comprobándose o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa e realizando os requirimentos de documentación preceptivos. Todos eles foron examinados e valorados por esa Comisión, quen propuxo a estimación duns, cos importes concretos a percibir en cada caso, e a desestimación doutros, indicando neste caso o motivo concreto da denegación con fundamento nas Bases da convocatoria.

I.6. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base reguladora undécima, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 14.09.2017 acordou, por proposta da instrutora do expediente e previo informe da Comisión de Avaliación, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 do vixente orzamento, a cantidade de 49.896,00 € en concepto de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2017, segundo o seguinte desglose:

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	IMPORTE SOLICITADO	PUNTUACION OBTIDA
ASDEGAL (ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA)	G27727593	AXUDA A PERSOAS MAIORES EN RISCO DE EXCLUSION SOCIAL	2.000,00	28
SOCIEDAD SAN VICENTE DE PAUL	G28256667	ASISTENCIA ALIMENTARIA Y ATENCION A FAMILIAS Y PERSONAS	3.000,00	25
ASOCIACION SODINAUTICA	G36796142	INCLUSION NA NAUTICA 2017	1.000,00	0
ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	G28197564	PROGRAMA DE REHABILITACION PSICO-SOCIAL DO DOENTE LARINGECTOMIZADO	1.753,80	26
ASOCIACION CULTURAL BLANCO NAJERA	G27814821	ESPAZO COEDUCATIVO-PROXECTO DA IGUALDADE NO TEMPO LIBRE E DE LECER DAS FAMILIAS	3.000,00	1
DOA SAUDE MENTAL	G36044295	REHABILITACION PSICOMOTRIZ EN PERSOAS CON PROBLEMAS DE SAUDE MENTAL 2017	3.000,00	28
ASOLUGA	G27832229	LUDOTECA ITINERANTE "APRENDER XOGANDO"	3.500,00	1
HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	R3600336F	PROGRAMA DE OCIO E TEMPO LIBRE E ADQUISICION DE HABITOS PSIQUICO-FISICOS SAUDABLES	3.000,00	24
ASOCIACION VIGUESA DE AL-COHOLOXIA-ASVIDAL	G36627453	UNIDADE DE APOYO EN UN PROGRAMA DE CAPACITACION E INSERCIÓN SOCIO-LAB.	3.000,00	25
ASOCIACION PARKINSON DE VIGO	G36962447	TERAPIA OCUPACIONAL EN PACIENTES CON PARKINSON 2017	2.793,00	5

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	IMPORTE SOLICITADO	PUNTUACION OBTIDA
ASOCIACION GALEGA DE HEMOFILIA	G15220577	HEMOESCOLA VIGO. Escola para familias e nenos con hemofilia 2017	1.831,76	23
FEDERACION PROVINCIAL DE ASOCIACIONES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE PONTEVEDRA	G36704195	FISIOTERAPIA APLICADA Á MELLORA DA PSICOMOTRICIDADE 2017	3.000,00	26
FUNDACION ERGUETE INTEGRACION	G36861078	PROXECTO IFAS	1.864,00	26
FUNDACION TUTELAR GALEGA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL SALVORA	G36733046	INFORMACION E ASESORAMENTO EN MATERIA DE TUTELA E PROTECCION A PERS. CON DISC. INTELLECTUAL	3.000,00	22
AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA ASDAN	G27776459	VIVE DEPORTIVAMENTE	2.000,00	25
ASOCIACION DE VECIÑOS CONSUMIDORES E USUARIOS-CSCR DE BEADE	G36632081	PEQUELANDIA	720,00	15
ASOCIACION DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCION	G36938272	PSICOLOXIA GRUPAL PARA PERSOAS CON TDAH	3.932,99	23
ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA	G36639896	PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES DE FORMACION, COÑECEMENTO E CONVIVENCIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS PARENTAIS	1.565,00	28
FUNDACION AMIGOS DE LOS MAYORES	G83625509	STOP SOIDADE	3.000,00	30
FEAFES GALICIA (FEDERACION DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA)	G15545353	PROGR. INTEGRAL DE INFORMACION Y ATENCION SOCIOFAMILAR A FAMILIAS, COIDADORES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL	3.000,00	33
ASOC. A FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPA (ASPANAEX)	G36605905	OBRADOIROS ALTERNATIVOS	3.000,00	22
ALENTOS – ASOCIACION DE DANO CEREBRAL DE VIGO	G36873511	PROXECTO DE INFORMACION, ATENCION E ASESORAMENTO ESPECIFICO A FAMILIARES DE AFECTADOS DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO	3.000,00	20
ASOCIACION GALEGA DE FIBROSE QUISTICA	G15088396	PROGRAMA DE ATENCION INTEGRAL PARA PERSOAS CON FIBROSE QUISTICA	1.500,00	16
ASOCIACION XARUMA	G27746486	NATURALMENTE: ACOMPAÑAMENTOS E RESPIROS FAMILIARES PARA PREVI R A EXCLUSION E FOMENTAR A VIDA AUTONOMA	3.000,00	22
FUNDACION ISIDRE ESTEVE	G25726316	CENTRO PONTE DA FUNDACION ISIDRE ESTEVE DE VIGO	3.000,00	32
DOWN VIGO: ASOCIACION PARA SINDROME DE DOWN	G36697324	“MOVE O CORPO” OBRADOIRO DE PSICOMOTRICIDADE	3.000,00	26
ASOC. GALITEA	G2784090	PROXECTO “ASPIE”	5.000,00	23
ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA)	G36776920	RELAX-IN: ACTIVIDADES SAUDABLES PARA COIDADORES NON PROFESIONAIS E FAMILIARES DE PERSOAS CON ALGUN TIPO DE DEMENCIA NEURODEXENERATIVA	1.002,99	6
FUNDACION JUANSOÑADOR	G24452435	PROXECTO SOCIOEDUCATIVO NA RUA VIGO	3.000,00	34
ASOCIACION VIGUESA DE ESCRESOSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA	G36816106	LOGOPEDIA E ESCLEROSE MULTIPLE	3.000,00	5
CENTRO DE ACCION CONTRA LA VIOLENCIA EN GALICIA (CEVIAGAL)	G27825462	CONECTANDO EDADES, CAMINANDO JUNTOS	4.071,00	1
ASOCIACION STOP	G27729839	PREVENCION Y TRATAMIENTO DEL ALCOHOLISMO	3.650,00	2
APAMP, ASOCIACION DE FAMILIAS	G36624120	RESPIRO FAMILIAR APAMP	3.000,00	0

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	IMPORTE SOLICITADO	PUNTUACION OBTIDA
DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL				
ASOCIACION DE BULIMIA E ANOREXIA DE PONTEVEDRA	G36835403	INTERVENCION PSICOEDUCATIVA E SOCIAL EN AUTOESTIMA E AUTOCOIDADADO EMOCIONAL	3.000,00	18
ASOCIACION FARAXA POLA ABOLICION DA PROSTITUCION	G15088396	ACTIVATE. APOIO NA EDUCACION VIAL EN MULLERES INMIGRANTES	3.000,00	0
ASOCIACION DE SERVICIOS A COMUNIDADE INCLUE	G27764844	PROGRAMA DE ATENCION PSICOSOCIAL PARA PACIENTES DUALES	3.000,00	24
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES	R3600319B	PROGRAMA DE ACOMPAÑAMIENTO SOCIAL DE MERMANOS MISIONEROS	3.000,00	33
FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	G15859911	PLAN INTEGRAL DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSION SOCIAL NO CONCELLO DE VIGO	3.000,00	0
FUNDACION IGUAL ARTE	G36427524	COR E MOVEMENTO II	2.500,00	18
ASOCIACION GALEGA CONTRA AS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES (ASEM GALICIA)	G36925691	OBRADOIRO DE MANUALIDADES ASEM GALICIA	3.000,00	5
ASOCIACION ARELA	G36846152	PROGRAMA DE APOIO E EDUCACION FAMILIAR	3.000,00	33
ASOCIACION DIGNIDADE GALICIA -VIGO	G15500853	PROXECTO DE APOIO E INERVENCION CON PERSOAS E FAMILIAS DE EXCLUSION SOCIAL	3.000,00	26
ASOCIACION INTEGRACION POLA INCLUSION EN SITUACION DE VULNERABILIDAD SOCIAL	G94059755	OS NOSOS AV@S	3.000,00	0
ASOCIACION CULTURAL GALEGA DE FORMACION PERMANENTE DE ADULTOS	G15496607	SMART SENIORS VIGO	3.000,00	23
FADEMGA PLENA INCLUSION GALICIA	G36620037	SERVIZO DE INFORMACION, ORIENTACION LABORA E APOIOS AO EMPREGO ESPECIFICO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	2.000,00	23
ASOCIACION MANAIA	G36975944	PREPARACION, APOIO E ACOMPAÑAMENTO AS FAMILIAS ADOPTIVAS	1.400,00	4
ASOCIACION DE XUBILADOS E PENSIONISTAS AVOA	G36972800	COMPRA DE UNHA IMPRESORA	100,00	0
CENTRO SOCIOCULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO DE VALLADARES	G36617082	FACILITANDO O ACCESO A EDUCACION SECUNDARIA OBRIGATORIA	2.000,00	24
FUNDACION CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	G36797579	MELLORA DE COMPETENCIAS DIXITAIS E COMUNICACION COAS ADMINISTRACIONES ELECTRONICAS	2.000,00	31
ASOCIACIÓN DA 3ª IDADE NEVOX	G36806222	NA IDADE DE APRENDER A COMUNICARNOS DIXITALMENTE	2.500,00	25
ASOCIACION DIVERSIDADES	G27783950	ESCOLA DE SEGUNDA OPORTUNIDADE	3.000,00	3
FUNDACION MENIÑOS	G15551120	VIAXE AO REINO DAS EMOCIONS	2.000,00	4
ASOCIACION GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS	G15428600	PROXECTO DE APOIO AS FAMILIAS NUMEROSAS NO CONCELLO DE VIGO	2.371,11	0
FUNDACION ALDABA	G82453606	REMOVENDONOS	3.000,00	35

SEGUNDO: Desestimar as solicitudes de subvencións ás entidades que a seguir se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras do programa, aprobadas en Xunta de Goberno Local na súa sesión do 30.03.2017:

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	PUNTUA- CION OBTI- DA	MOTIVO DESESTIMACIÓN
ASDEGAL (ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA)	G27727593	AXUDA A PERSOAS MAIORES EN RISCO DE EXCLUSION SOCIAL	28	
SOCIEDAD SAN VICENTE DE PAUL	G28256667	ASISTENCIA ALIMENTARIA Y ATENCION A FAMILIAS Y PERSONAS	25	
ASOCIACION SODINAUTICA	G36796142	INCLUSION NA NAUTICA 2017	0	DESESTIMADA BASE 3,2
ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	G28197564	PROGRAMA DE REHABILITACION PSICOSOCIAL DO DOENTE LARINGECTOMIZADO	26	
ASOCIACION CULTURAL BLANCO NAJERA	G27814821	ESPAZO COEDUCATIVO-PROXECTO DA IGUALDADE NO TEMPO LIBRE E DE LECER DAS FAMILIAS	1	DESESTIMADA BASE 3,4
DOA SAUDE MENTAL	G36044295	REHABILITACION PSICOMOTRIZ EN PERSOAS CON PROBLEMAS DE SAUDE MENTAL 2017	28	
ASOLUGA	G27832229	LUDOTECA ITINERANTE "APRENDER XOGANDO"	1	DESESTIMADA BASE 3,4
HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	R3600336F	PROGRAMA DE OCIO E TEMPO LIBRE E ADQUISICION DE HABITOS PSIQUICO-FISICOS SAUDABLES	24	
ASOCIACION VIGUESA DE ALCOHOLOXIA-ASVIDAL	G36627453	UNIDADE DE APOYO EN UN PROGRAMA DE CAPACITACION E INSERCION SOCIO-LAB.	21	
ASOCIACION PARKINSON DE VIGO	G36962447	TERAPIA OCUPACIONAL EN PACIENTES CON PARKINSON 2017	5	DESESTIMADA BASE 3,4
ASOCIACION GALEGA DE HEMOFILIA	G15220577	HEMOESCOLA VIGO. Escola para familias e nenos con hemofilia 2017	23	
FEDERACION PROVINCIAL DE ASOCIACIONES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE PONTEVEDRA	G36704195	FISIOTERAPIA APLICADA Á MELLORA DA PSICOMOTRICIDADE 2017	26	
FUNDACION ERGUETE INTEGRACION	G36861078	PROXECTO IFAS	26	
FUNDACION TUTELAR GALEGA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL SALVORA	G36733046	INFORMACION E ASESORAMENTO EN MATERIA DE TUTELA E PROTECCION A PERS. CON DISC. INTELLECTUAL	22	
AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA ASDAN	G27776459	VIVE DEPORTIVAMENTE	25	
ASOCIACION DE VECIÑOS CONSUMIDORES E USUARIOS-CSCR DE BEADE	G36632081	PEQUELANDIA	15	
ASOCIACION DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCION	G36938272	PSICOLOXIA GRUPAL PARA PERSOAS CON TDAH	23	
ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA	G36639896	PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES DE FORMACION, COÑECEMENTO E CONVIVENCIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS PARENTAIS	28	
FUNDACION AMIGOS DE LOS MAYORES	G83625509	STOP SOIDADE	30	
FEAFES GALICIA (FEDERACION DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA)	G15545353	PROGR. INTEGRAL DE INFORMACION Y ATENCION SOCIOFAMILAR A FAMILIAS, COIDADORES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL	33	
ASOC. A FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPA (ASPANAEX)	G36605905	OBRADOIROS ALTERNATIVOS	22	
ALENTA – ASOCIACION DE DANO CEREBRAL DE VIGO	G36873511	PROXECTO DE INFORMACION, ATENCION E ASESORAMENTO ESPECIFICO A FAMILIARES DE AFECTADOS DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO	20	

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	PUNTUA- CION OBTI- DA	MOTIVO DESESTIMACIÓN
ASOCIACION GALEGA DE FIBROSE QUISTICA	G15088396	PROGRAMA DE ATENCION INTEGRAL PARA PERSOAS CON FIBROSE QUISTICA	20	
ASOCIACION XARUMA	G27746486	NATURALMENTE: ACOMPAÑAMENTOS E RESPIROS FAMILIARES PARA PREVIR A EXCLUSION E FOMENTAR A VIDA AUTONOMA	22	
FUNDACION ISIDRE ESTEVE	G25726316	CENTRO PONTE DA FUNDACION ISIDRE ESTEVE DE VIGO	32	
DOWN VIGO: ASOCIACION PARA SINDROME DE DOWN	G36697324	"MOVE O CORPO" OBRADOIRO DE PSICOMOTRICIDADE	26	
ASOC. GALITEA	G2784090	PROXECTO "ASPIE"	23	
ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA)	G36776920	RELAX-IN: ACTIVIDADES SAUDABLES PARA COIDADORES NON PROFESIONAIS E FAMILIARES DE PERSOAS CON ALGUN TIPO DE DEMENCIA NEURODEXENERATIVA	6	DESESTIMADA BASE 3,4
FUNDACION JUANSOÑADOR	G24452435	PROXECTO SOCIOEDUCATIVO NA RUA VIGO	34	
ASOCIACION VIGUESA DE ESCRESOSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA	G36816106	LOGOPEDIA E ESCLEROSE MULTIPLE	5	DESESTIMADA BASE 3,4
CENTRO DE ACCION CONTRA LA VIOLENCIA EN GALICIA (CEVIAGAL)	G27825462	CONECTANDO EDADES, CAMINANDO JUNTOS	1	DESESTIMADA BASE 3,4
ASOCIACION STOP	G27729839	PREVENCIÓN Y TRATAMIENTO DEL ALCOHOLISMO	2	DESESTIMADA BASE 3,4
APAMP, ASOCIACION DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	G36624120	RESPIRO FAMILIAR APAMP	0	DESESTIMADA BASE 3,3
ASOCIACION DE BULIMIA E ANOREXIA DE PONTEVEDRA	G36835403	INTERVENCIÓN PSICOEDUCATIVA E SOCIAL EN AUTOESTIMA E AUTO-COIDADADO EMOCIONAL	18	
ASOCIACION FARAXA POLA ABOLICION DA PROSTITUCION	G15088396	ACTIVATE. APOIO NA EDUCACION VIAL EN MULLERES INMIGRANTES	0	DESESTIMADA BASE 3.2
ASOCIACION DE SERVICIOS A COMUNIDADE INCLUE	G27764844	PROGRAMA DE ATENCION PSICOSOCIAL PARA PACIENTES DUALES	24	
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES	R3600319B	PROGRAMA DE ACOMPAÑAMIENTO SOCIAL DE MERMANOS MISIONEROS	33	
FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	G15859911	PLAN INTEGRAL DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSION SOCIAL NO CONCELLO DE VIGO	0	DESESTIMADA BASE 3.3
FUNDACION IGUAL ARTE	G36427524	COR E MOVEMENTO II	18	
ASOCIACION GALEGA CONTRA AS ENFERMIDADES NEUROMUSCULARES (ASEM GALICIA)	G36925691	OBRADOIRO DE MANUALIDADES ASEM GALICIA	5	DESESTIMADA BASE 3,4
ASOCIACION ARELA	G36846152	PROGRAMA DE APOIO E EDUCACION FAMILIAR	33	
ASOCIACION DIGNIDADE GALICIA -VIGO	G15500853	PROXECTO DE APOIO E INERVENCIÓN CON PERSOAS E FAMILIAS DE EXCLUSION SOCIAL	26	
ASOCIACION INTEGRACION POLA INCLUSION EN SITUACION DE VULNERABILIDAD SOCIAL	G94059755	OS NOSOS AV@S	0	DESESTIMADA BASE 3.3 e 8
ASOCIACION CULTURAL GALEGA DE FORMACION PERMANENTE DE ADULTOS	G15496607	SMART SENIORS VIGO	23	
FADEMGA PLENA INCLUSION GALICIA	G36620037	SERVIZO DE INFORMACION, ORIENTACION LABORA E APOIOS AO EMPREGO ESPECIFICO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	23	

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	PUNTUA- CION OBTI- DA	MOTIVO DESESTIMACIÓN
ASOCIACION MANAIA	G36975944	PREPARACION, APOIO E ACOMPA- ÑAMENTO AS FAMILIAS ADOPTIVAS	4	DESESTIMADA BASE 3,4
ASOCIACION DE XUBILADOS E PENSIONISTAS AVOA	G36972800	COMPRA DE UNHA IMPRESORA	0	DESESTIMADA BASE 1- obxecto
CENTRO SOCIOCULTURAL ARTIS- TICO E RECREATIVO DE VALLA- DARES	G36617082	FACILITANDO O ACCESO A EDUCA- CION SECUNDARIA OBRIGATORIA	24	
FUNDACION CUME PARA EL DE- SARROLLO DE CULTURAS Y PUE- BLOS	G36797579	MELLORA DE COMPETENCIAS DIXI- TAIS E COMUNICACION COAS AD- MINISTRACIONES ELECTRONICAS	31	
ASOCIACIÓN DA 3ª IDADE NEVOX	G36806222	NA IDADE DE APRENDER A COMU- NICARNOS DIXITALMENTE	25	
ASOCIACION DIVERSIDADES	G27783950	ESCOLA DE SEGUNDA OPORTUNI- DADE	3	DESESTIMADA BASE 3,4
FUNDACION MENIÑOS	G15551120	VIAXE AO REINO DAS EMOCIONS	4	DESESTIMADA BASE 3,4
ASOCIACION GALEGA DE FAMI- LIAS NUMEROSAS	G15428600	PROXECTO DE APOIO AS FAMILIAS NUMEROSAS NO CONCELLO DE VIGO	0	DESESTIMADA BASE 6

I.7. Este Acordo da Xunta de Goberno local, que puxo fin á via administrativa, foi debidamente notificado ós interesados nas datas que constan no expediente. Durante o prazo habilitado para a interposición do recurso potestativo de reposición, presentouse un recurso por parte de APAMP (“Asociación de familias de persoas con parálise cerebral”), co contido que será obxecto de análise neste informe, emitido por solicitude verbal da Xefatura de Área de Benestar Social.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.

- Bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais no ano 2017 (BOP nº 69, do 07.04.2017; extracto BOP nº 75, do 19.04.2017).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. O recurso potestativo de reposición presentado diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 14.09.2017, desestimatorio da solicitude de APAMP (“Asociación de familias de persoas con parálise cerebral”) de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases reguladoras das «SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVICIOS SOCIAIS NO AÑO 2017».

III.2. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interponse en prazo e forma polo responsable da entidade (D. Daniel Varela Lago, Presidente) e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP e Base décimo terceira), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.3. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producese a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.4. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso presentado:

- **Recurso de reposición presentado por APAMP «Asociación de familias de persoas con parálise cerebral» (Rexistro electrónico municipal: 20.10.2017; Cod. Solicitude W249217-5793; Doc. nº 170143864; Notificación acordo XGL: 26.09.2017; Exp. nº 140531/301).**

Fundamento: Interpretan o contido da Base terceira, punto 3, no sentido de que a entidade que solicita a subvención non podía ter ningún convenio en vigor financiado co Concello para o proxecto presentado, *“mais non que fixera referencia a outros convenios con outras entidades”*. Entenden que o seu programa de respiro familiar, dirixido ó colectivo de persoas con parálise cerebral, presenta unha serie de especificidades que xustifican a concesión ó seu favor da axuda solicitada. Solicitan, por último, que a Concellería de Política Social faga público *“os criterios para o acceso á firmar de convenios para a prestación de servizos, dado que consideramos dobremente discriminatorio: se limita ao acceso á financiación de servizos similares, e non dispoñemos de información e criterios para o acceso a firma de novos convenios”*.

Resposta: Na Resolución da Xunta de Goberno Local impugnada fundamentouse a desestimación da axuda solicitada por APAMP no disposto na Base terceira, punto 3, segundo a que: *«desestimáranse aquelas solicitudes nas que o obxecto e/ou finalidade da subvención poida encadrarse nun ou varios dos apartados seguintes (...) 3.*

Solicitudes que se refiran a programas, proxectos ou actividades que xa estean a executarse na Concellería de Política Social a través dalgún contrato ou convenio de colaboración». Como ben pode apreciarse, a Base exclúe nese punto aquelas solicitudes de subvención para programas, proxectos ou actividades xa contratadas ou conveniadas pola Concellería e incluídas na súa oferta de servizos sociais, non limitándose a exclusión -como interpreta erroneamente a recorrente- a aqueles casos nos que coincide a entidade solicitante da axuda coa que as desenvolve a través dun contrato ou convenio. En concreto, estimouse que a Concellería de Política Social xa oferta un servizo de respiro familiar a través do Convenio anual coa «Fundación MENELA»; programa dirixido ós familiares e cuidadores habituais de persoas con discapacidade que precisan dispoñer puntualmente de tempo libre para atender compromisos de traballo, celebracións sociais, ocio, actos culturais, citas médicas, etc., e ó que poden acceder, entre outras, as persoas con parálise cerebral.

Canto ós criterios para a suscripción de convenios de subvención con entidades na área dos Servizos Sociais, lémbrese que os mesmos figuran incluídos nos orzamentos municipais aprobados polo Pleno da Corporación e que, tratándose de subvencións nominativas, é na documentación integrante do expediente orzamentario (Memoria, informe económico-financeiro ou bases de execución) onde debe motivarse ou xustificarse adecuadamente a concesión das subvencións previstas nominativamente nos estados de gastos dos orzamentos, precisando o seu obxecto e motivando esa singularización a favor dos seus beneficiarios.

Proposta: Desestimar o recurso.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar expresamente, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste Acordo e polos motivos que no mesmo se indican, o recurso potestativo de reposición presentado por APAMP («Asociación de familias de persoas con parálise cerebral»), CIF nº G-36624120, contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 14.09.2017 polo que, en aplicación da Base terceira, punto 3, se denegou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro das bases reguladoras das «SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVICIOS SOCIAIS NO ANO 2017».

SEGUNDO: Notificar este Acordo á entidade recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da súa notificación».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1263).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR NUN HIGH SCHOOL EN PERÍODO LECTIVO “VIGO EN INGLÉS 2018”. EXPTE. 19872/332.

Dáse conta da proposta asinada con data 23/11/17 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 23 de novembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	TOTAL
1	NEW LINK EDUCATION, S.L.	99 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 2.102,50 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

8(1264).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A ACTUALIZACIÓN DOS APLICATIVOS DE XESTIÓN XERAL DE LIQUIDACIÓNS E XESTIÓN DE IBI URBANA COFINANCIADO POLO FEDER. EXPTE. 8260/113.

Visto o informe de fiscalización do 20/11/17, dáse conta do informe-proposta do 17/11/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 17 de novembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 2 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113) na seguinte orde descendente:

<i>Licitador</i>	<i>Puntuación total</i>
------------------	-------------------------

AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.	100 puntos
-----------------------------------	------------

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.164,48 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., o día 3 de novembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 10 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 17 de novembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 13 e 25 de outubro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., o procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 87.295,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.150,45 euros.*
- b) Amplía o prazo de garantía do programa a dous (2) anos.*
- c) Reduce o prazo máximo de entrega da aplicación en 4 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1265).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUALES INADMITINDO O RECURSO PRESENTADO CONTRA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE ZONAS VERDES. EXPTE. 9151/446.

Dáse conta da proposta de data 24/11/17, asinada pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 1088/2017 Do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC), recaída no recurso nº 1109/2017, interposto por D. Juan Manuel Rodríguez Amil, contra a modificación do contrato de “Conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo”. Na mesma o TACRC inadmite o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

“Primeiro.- Inadmitir por extemporáneo e por falta de lexitimación o recurso interposto por D. Juan Manuel Rodríguez Amil, contra a modificación do contrato de “Conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo”

Segundo.- Levantar a suspensión do procedemento producida de conformidade co previsto no artigo 45 do TRLCSP.

Terceiro.- Declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 do TRLCSP”.

2º.- *Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

10(1266).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO, MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “FESTA DO JUDO INFANTIL 2017” O 15 DE DECEMBRO DE 2017. EXPTE. 16730/333.

Visto o informe xurídico do 13/11/17 e informe de fiscalización do 24/11/17, dáse conta do informe-proposta de data 13/11/17, asinado polo director deportivo-xefe Unidade Técnica o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio ó expediente de subvención a favor da Federación Galega de Judo polo desenvolvemento do proxecto “Festa do Judo Infantil 2017”.

A Federación Galega de judo e deportes Asociados, de agora en adiante F.G.Judo e D.A., é unha Entidade asociativa privada, sen ánimo de lucro, con patrimonio propio e independente dos seus asociados, que se rexe pola Lei 3/2012, do 2 de abril, Xeral do Deporte de Galicia e as súas normas de desenvolvemento, polos seus propios estatutos e regulamentos debidamente aprobados e polas demais disposicións legais ou federativas que resulten aplicables con total garantía dos principios democráticos e representativos.

A F.G.Judo e D.A., é unha entidade de utilidade pública. Esta declaración comportará os efectos establecidos na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Asemade posúe personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, ademais das atribucións de seu exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo como axente colaborador da mesma.

Entre as actuacións enmarcadas nos fins fundamentais da entidade, atopamos que a Federación colaborará coas Administracións Públicas e coa Federación Española na promoción do Judo e do Judo e dos Deportes Asociados, e deseñar cantas actividades contribúan ao desenvolvemento e mellora do Judo e dos Deportes Asociados.

No ano 2017, a Federación organiza a XXV edición da Festa do Judo Infantil, un evento que co paso dos anos converteuse nunha cita clásica no Judo de formación no ámbito da Provincia de Pontevedra, que reúne na cidade de Vigo a máis de 1.500 Judokas de entre 4 e 14 anos, e que lle outorga un valor moi importante para a promoción tanto do Judo como da cidade, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional no ámbito do Judo e que ten ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O programa de actividades previsto, inclúe a realización dunha competición multitudinaria e participativa, unha competición técnica de Judo aplicado á Defensa Persoal na que interveñen nenos e nenas de clubs e colexios de toda a provincia onde se practica judo asemade das Escolas Municipais de Vigo.

Durante a mesma os e as judokas participan sen necesidade de facer grupos por idades ou categoría de peso xa que o sistema pedagóxico empregado permite facer a un neno pequeno con outro máis maior ou a nenos con nenas, nunha competición contra se mesmo na que ninguén perde e todos levan o seu premio. Cada neno por participar obtén os seus agasallos e o diploma coa puntuación obtida que posteriormente no seu club ou colexio sêrvelle para o pase de grao.

Durante a súa celebración, o evento se converte no foco de atención da modalidade, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme valor deportivo e formativo, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

O Concello de Vigo atopa criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción, fomento e dinamización do judo na cidade de Vigo.

Tendo en conta estes criterios, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos da envergadura e historia como o proposto pola Federación Galega de Judo, considerando ademáis que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida na cidade, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola dita entidade, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 8.000,00€ ao obxecto de colaborar coa financiación dos gastos que supón a organización do evento de referencia.

As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade a Federación Galega de ludo é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características tan particulares, e a única entidade coa autorización federativa necesaria. Estas circunstancias xustifican que para o desenvolvemento deste expediente, non resulte posible nin recomendable promover a concorrencia, pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención a Federación Galega de ludo, co obxectivo de colaborar na financiación dos gastos vinculados coa dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interés deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do

27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, plantéase a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización da Festa do ludo Infantil 2017, que se vai celebrar o 15 de Decembro de 2017.

A Federación Galega de Ludo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 16730/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto da Federación Galega de Ludo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas*

públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade o Clube Amfiv é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como o do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización da Festa do Ludo Infantil 2017, que se vai celebrar o 15 de Decembro, debido o interese que para a cidade de Vigo teñen proxectos deportivos como o de referencia.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Federación Galega de Ludo presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades vinculadas co desenvolvemento da Festa do ludo Infantil 2017 e o destino previsto da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Federación Galega de Ludo das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

O Técnico responsable do servizo de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente expediente, emitirá un informe no que constatará a adecuada xustificación da subvención, e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa

ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

–Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.

–Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

–Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.

–Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

–A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

–Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:

1. Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
2. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
3. En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Federación Galega de Judo, co CIF: G-15109267 para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización ca XXV Festa do ludo Infantil 2017, que se vai celebrar o 15 de Decembro de 2017.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 8.000,00 € a favor da Federación Galega de ludo, co CIF: G-15109267, con enderezo social na Praza Agustín Díaz, 3, en A Coruña, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para o desenvolvemento do XXV Festa do ludo Infantil 2017, que se vai celebrar entre o 15 de Decembro de 2017.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. CO OBXECTO DE COLABORAR CO FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DA XXV FESTA DO JUDO INFANTIL 2017 (EXPT. 16730-333)

Na Casa do Concello de Vigo, a _____ de dous mil dezasete.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, na súa calidade de Concelleiro Delegado de Deportes do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H) por Delegación da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don Mario Muzas Cobo como presidente da Federación Galega de Judo e D.A. (En adiante Fed. de Judo) CIF nº G-15109267 e enderezo social na Praza Agustín Díaz, 3, en A Coruña e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 16730-333.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

I.- Que a Federación Galega de judo e deportes Asociados, é unha Entidade asociativa privada, sen ánimo de lucro, con patrimonio propio e independente dos seus asociados, que se rexe pola Lei 3/2012, do 2 de abril, Xeral do Deporte de Galicia e as súas normas de desenvolvemento, polos seus propios estatutos e regulamentos debidamente aprobados e polas demais

disposicións legais ou federativas que resulten aplicables con total garantía dos principios democráticos e representativos.

A F.G.Judo e D.A., é unha entidade de utilidade pública. Esta declaración comportará os efectos establecidos na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Asemade posúe personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, ademais das atribucións de seu exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo como axente colaborador da mesma.

Entre as actuacións enmarcadas nos fins fundamentais da entidade, atopamos que a Federación colaborará coas Administracións Públicas e coa Federación Española na promoción do Judo e do Judo e dos Deportes Asociados, e deseñar cantas actividades contribúan ao desenvolvemento e mellora do Judo e dos Deportes Asociados.

II.- Que no ano 2017, a Federación organiza a XXV edición da Festa do Judo Infantil, un evento que co paso dos anos converteuse nunha cita clásica no Judo de formación no ámbito da Provincia de Pontevedra, que reúne na cidade de Vigo a máis de 1.500 Judokas de entre 4 e 14 anos, e que lle outorga un valor moi importante para a promoción tanto do Judo como da cidade, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional no ámbito do Judo e que ten ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O programa de actividades previsto, inclúe a realización dunha competición multitudinaria e participativa, unha competición técnica de Judo aplicado á Defensa Persoal na que interveñen nenos e nenas de clubs e colexios de toda a provincia onde se practica judo asemade das Escolas Municipais de Vigo.

Durante a mesma os e as judokas participan sen necesidade de facer grupos por idades ou categoría de peso xa que o sistema pedagóxico empregado permite facer a un neno pequeno con outro máis maior ou a nenos con nenas, nunha competición contra se mesmo na que ninguén perde e todos levan o seu premio. Cada neno por participar obtén os seus agasallos e o diploma coa puntuación obtida que posteriormente no seu club ou colexio sérvelle para o pase de grao.

Durante a súa celebración, o evento se converte no foco de atención da modalidade, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme valor deportivo e formativo, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de competición.
- Conseguir que o colectivo da cidadanía de Vigo, conte cun proxecto deportivo no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun mapa de actividade deportiva no entorno asociativo da cidade.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é colaborar co financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento do programa de actividades vinculado coa celebración da XXV Festa do Judo Infantil 2017, o cal xustifica que para o desenvolvemento deste expediente,

non resulta posible nin recomendable promover a concorrencia pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa.

VI.- Que a Federación Galega de Judo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Federación Galega de Judo, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación Galega de Judo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Desenvolver a actuación obxecto principal da subvención, desenvolver a Festa do ludo Infantil na data do 15 de Decembro de 2017.

2º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que poidan ter vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

3º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Conceder á Federación Galega de Judo unha subvención polo importe de 8.000,00€, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto "XXV Festa do Judo Infantil 2017". Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento. Para o procedemento de xustificación e pago do importe da subvención, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

2º.- Colaborar, na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización do proxecto deportivo na cidade de Vigo.

3º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción da Federación Galega de Judo (revista, web, etc).

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e como máximo o 21 de decembro de 2017. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de euros.

A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e os tres meses posteriores á finalización do programa.

Décimo quinto.- O beneficiario está informado que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de

subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2017.

11(1267).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “19ª EDICIÓN MEDIA MARATÓN DE VIGO” O DOMINGO 3 DE DECEMBRO DE 2017. EXPTE. 16397/333.

Dáse conta do informe-proposta do 27/11/17, asinado polo director deportivo-xefe Unidade Técnica, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

A entidade A.D. Media Maratón de Vigo, con CIF (G-36689826), solicitou o día 18-04-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170056222), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 19º edición MEDIA MARATON DE VIGO
- Data: 3 de decembro de 2017
- Horario: 10.00h a 14.00h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro **domingo 3 de decembro de 2017, a proba comenará ás 10.00h** dende a rúa Policarpo Sanz (saída), para seguir pola rúa García Barbón, (xiro diante do edificio La Voz de Galicia), Isaac Peral, Areal, Praza de Compostela, Victoria, Carral, Marqués de Valladares, Rosalía de Castro, García Barbón, Policarpo Sanz, Elduayen, Paseo de Alfonso XII, Pi y Margall, López Mora, Pintor Lugris, Álvaro Cunqueiro, Camelias, Romil, Paseo de Alfonso XII, Elduayen, Policarpo Sanz

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento ao servizo de Limpeza e Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á A.D. Media Maraton de Vigo, con CIF (G-36689826), a organizar o vindeiro **domingo 3 de decembro de 2017**, o evento deportivo denominado 19º edición MEDIA MARATON DE VIGO, a proba terá a súa saída dende a rúa Policarpo Sanz, para seguir pola rúa García Barbón, (xiro diante do edificio La Voz de Galicia), Isaac Peral, Areal, Praza de Compostela, Victoria, Carral, Marqués de Valladares, Rosalía de Castro, García Barbón, Policarpo Sanz, Elduayen, Paseo de Alfonso XII, Pi y Margall, López Mora, Pintor Lugris, Álvaro Cunqueiro, Camelias, Romil, Paseo de Alfonso XII, Elduayen, Policarpo Sanz.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1268).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE DIRECCIÓN DE INGRESOS. EXPTE. 30287/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/11/17, dáse conta do informe-proposta do 21/11/17, asinado pola técnica de

Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 29/05/2017, a Adxunta á Dirección de Ingresos e a Directora de Ingresos conformado polo Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas auxiliares administrativos para a atención e asistencia aos contribuíntes nas ventanillas do IBI e Plusvalías, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 06/07/2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous auxiliares administrativos/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 30 de outubro de 2017, emítase pola Técnica de Avaliación e Formación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal*

para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de

tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Adxunta á Dirección de Ingresos e a Directora de Ingresos conformado polo Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 06/07/2017, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais

que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición no escrito da Adxunta á Dirección de Ingresos e a Directora de Ingresos conformado polo Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que figura no expediente.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous auxiliares administrativos/as para Dirección de Ingresos, supón un gasto de **22.828,24 €**, dos que **3.773,26 €** corresponden ao ano 2017 e **19.054,98 €** ao vindeiro exercicio 2018, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.247,97 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. Marcos Costa Sousa, con DNI **.***.051 Q** e de **D^a María Cristina Pérez, con DNI **.***.610 E**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os mesmos aceptaron expresamente mediante escritos de data 8 e 9 de novembro respectivamente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral

Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **auxiliares administrativos/as**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades de Dirección de Ingresos, contidas no escrito do 29/05/2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **22.828,24 €**, dos que **3.773,26 €** corresponden ao ano 2017 e **19.054,98 €** ao vindeiro exercicio 2018, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. Marcos Costa Sousa, con DNI **.***.051 Q** e **D^a María Cristina Pérez, con DNI **.***.610 E**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que supearon todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliar), sendo adscrito/a a Dirección de Ingresos, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013..

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, á Directora de Ingresos, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso

contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1269).- NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL (PROGRAMA CONXUNTO DE ACTUACIÓNS PARA A IMPLEMENTACIÓN PRÁCTICA DA LEI 9/2013, DO 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BÓ GOBERNO), DUN PROGRAMADOR WEB. EXPTE. 30746/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24/11/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 11 de marzo de 2016 aprobou o "PROGRAMA CONXUNTO DE ACTUACIÓNS PARA A IMPLEMENTACIÓN PRÁCTICA DA LEI 9/2013, DO 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO EN MATERIA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, RECURSOS HUMANOS E SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL", expte. 27064/220, no que se contemplan as necesidades de medios humanos e a duración estimada prevista do mesmo.

Entre as necesidades referenciadas no expediente contémplase, entre outros, un/unha Programador/a Web co perfil 2 da proposta, cunha duración de 1 ano e 6 meses.

Por Acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 27 de setembro de 2017, adoptou o acordo de aprobar a bolsa de emprego de Programador/a WEB, e que inclúe ao único aspirante en condicións de ser nomeado funcionario interino prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Programador WEB segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta de data 18/09/2017, D. Ricardo Rodríguez Ferreirós, con DNI *****331 C.

En base ao anterior o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 06 de outubro de 2017, ordenou a incoación do correspondente expediente administrativo para proceder ao nomeamento interino por execución de programa temporal (Programa conxunto de actuacións para a implementación efectiva das previsións da Lei 9/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno), **dun/dunha Programador/a Web**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o

Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de un ano e seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades de Administración Electrónica que constan no programa que figura no expediente 27064/220.

En cumprimento do ordenado, con data 6 de outubro de 2017, pola Técnica de Avaliación e Formación, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso ((posto Cód. 98-Programador/a Informática), da RPT vixente, aprobada

pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no informe conxunto das xefaturas de Administración Electrónica e Asesoría Xurídica, así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 06 de outubro de 2017, resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño, neste caso, ao considerarse aos Servizos de Administración Electrónica, como servizos públicos esenciais, de carácter interno e transversal, cuxa actividade resulta imprescindible para o funcionamento do propio Concello.

IV. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente o nomeamento interino proposto por un período máximo de un ano e seis meses (novembro/2017 a abril/2019) dun/dunha programador/a web para o referido programa, supón un gasto de **47.071,48 €**, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente. Da referida cantidade **5.172,58 €** corresponden ao presente exercicio orzamentario (2 meses); **31.345,81 €** (o exercicio de 2018, 12 meses) e **10.553,09 €** (o exercicio 2019, 4 meses), ao que haberá que engadirse a cantidade de 14.945,20 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 98 – Programador/a de Informática), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 “outras modalidades de nomeamento persoal non permanente” do vixente orzamento aprobado para o presente ano 2017.

V. Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 12 de abril de 2017 aprobou as bases reitoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Programadores/as WEB, Subgrupo C1 de Titulación, expte. 29740/220, bases que se publicaron no BOP nº 91 de data 12 de maio de 2017.

Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

En consonancia co anterior, infórmase que, seguindo estritamente a lista derivada do proceso selectivo anterior, corresponde o nomeamento como Programador web do único aspirante **D. Ricardo Rodríguez Ferreirós**, con DNI *****331 C, que aceptou expresamente mediante escrito de data 07 de outubro actual, optar ao referido nomeamento interino por execución de programa temporal segundo o disposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que o aspirante proposto D. Ricardo Rodríguez Ferreirós, está en condicións de ser nomeado.

VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por execución de programa de carácter temporal, como **Programador/a web**, subgrupo C1 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo de **un ano e seis meses** (novembro/2017 a abril/2019), finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Administración Electrónica, contidas no informe conxunto de data 18/09/2015, que figura no expediente 27064/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 11/03/2016 e, en consecuencia, autorizar o gasto de **47.071,48 €**, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente. Da referida cantidade **5.172,58 €** corresponden ao presente exercicio orzamentario (2 meses); **31.345,81 €** (o exercicio de 2018, 12 meses) e **10.553,09 €** (o exercicio 2019, 4 meses), xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionario interino por execución de programa de carácter temporal "Programa conxunto de actuacións para a implementación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno", como **Programador web**, por un período máximo de de **un ano e seis meses** (novembro/2017 a abril/2019), á **D. Ricardo Rodríguez Ferreirós, con DNI *****331 C**, na súa condición de único aspirante que superou tódolos exercicios do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Programadores/as WEB, Subgrupo C1 de Titulación, expte. 29740/220, bases que se publicaron no BOP nº 91 de data 12 de maio de 2017.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración do programa (novembro/2017 a abril/2019) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 98-programador/a informática, sendo adscrito ao Servizo de Administración Electrónica, cód. 113, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, ao Xefe de Servizo de Administración Electrónica, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1270).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE SEIS SUBALTERNOS/AS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA DISTINTOS SERVIZOS. EXPTE. 30843/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27/11/17, dáse conta do informe-proposta do 23/11/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con datas 20/10/2017, 23/10/2017 a Xefa do Servizo de Educación co conforme da Concelleira de Educación, remite escrito solicitando incorporación de persoal para a debida atención pública da UNED e a EMAO; con data 4/10/2017, o Xefe de Área de Política Social conformado polo Concelleira-delegada da Área de Política social, solicita tamén a incorporación de persoal subalterno; en data 17/10/2017 o Xefe de xestión e Promoción Cultural, remite informe manifestando a urxente necesidade de contratación temporal de persoal subalterno por mor da situación existente Servizo e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 17/10/2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a

correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de seis subalternos/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 22/11/2017, emítase pola Técnica de Avaliación e Formación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómi-*

ca de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-Ordenanza/Porteiro, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa

na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta nos escritos de datas 20/10/2017, 23/10/2017 da Xefa do Servizo de Educación co conforme da Concelleira de Educación, solicitando incorporación de persoal para a debida atención pública da UNED e a EMAO; no escrito de data 4/10/2017, do Xefe de Área de Política Social conformado polo Concelleira-delegada da Área de Política social, solicitando tamén a incorporación de persoal subalterno; e no escrito de data 17/10/2017 do Xefe de xestión e Promoción Cultural, manifestando a urxente necesidade de contratación temporal de persoal subalterno por mor da situación existente Servizo e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas; así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 27/10/2017, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de seis subalternos/as para os distintos servizos anteriormente referenciados, supón un gasto de **63.298,00 €**, dos que **10.462,48 € corresponden ao ano 2017** e **52.835,52 €** ao vindeiro exercicio 2018, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **20.097,12 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capitulo I de gastos.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente

"- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalterno/a, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificadas as listaxes indicadas e comprobadas as mesmas co programa informático actualmente en desenvolvemento no Servizo de Administración electrónica, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D^a Montserrat Cruz Rodríguez, con DNI ****201-D, D. José Miguel Soto Hermida, con DNI ****460-W, D. Óscar Rodríguez López, con DNI ****892-H, D^a Laura Duro de la Fuente, con DNI ****462-E, D^a Paula Abilleira Piñeiro, con DNI ****245-Y e D^a Rosa Iglesias Pérez, con DNI ****664-F, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo.."

As mesmas aceptaron expresamente mediante escritos de data 17 e 20/11/2017, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto..

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de seis funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **subalternos/as (2 para Educación, 1 para Benestar Social, 1 para Museos e 2 para Cultura)**, elo ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades dos servizos de Educación, Benestar Social, Museos, e Cultura, contidas nos escritos de datas 4, 10, 20, 23 de outubro de 2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **63.298,00 €, dos que 10.462,48 €**

corresponden ao ano 2017 e 52.835,52 € ao vindeiro exercicio 2018, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D^a Montserrat Cruz Rodríguez, con DNI ****201-D, D. José Miguel Soto Hermida, con DNI ****460-W, D. Óscar Rodríguez López, con DNI ****892-H, D^a Laura Duro de la Fuente, con DNI ****462-E, D^a Paula Abilleira Piñeiro, con DNI ****245-Y e D^a Rosa Iglesias Pérez, con DNI ****664-F**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155-Subalterno/a, sendo adscritos/as aos distintos servizos (2 para Educación, 1 para Benestar Social, 1 para Museos e 2 para Cultura), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, ó/á Xefe/a de Benestar social, Xefe/a de Cultura, Xefe/a de Educación, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1271).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DÚAS DIPLOMADAS EN TRABALLO SOCIAL BAIXO A MODALIDADE

PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 30868/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22/11/17, dáse conta do informe-proposta do 14/11/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con datas 16/10/2017 e 26/10/2017, a Xefa do Servizo e o xefe da Área de Política Social, con conforme da Concelleira delegada de política social, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de diplomadas en traballo social por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 02/11/2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de tres traballadoras sociais, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

Dado que unicamente hai dispoñibles dúas traballadoras sociais, continúaase o expediente para o nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas traballadores/as sociais.

3.- Con data 13/11/2017, emítase pola Técnica de Avaliación e Formación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante,

TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 81- diplomado/a traballos sociais da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa do Servizo e do xefe da Área de Política Social, con conforme da Concelleira delegada de política social, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 02/11/2017, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición da Xefa do Servizo e o xefe da Área de Política Social, co conforme da Concelleira delegada de política social, que figura no expediente.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous/dúas diplomados/as en traballo social para o Servizo de Benestar Social, supón un gasto de **37.337,44 €**, dos que **6.222,91 € corresponden ao ano 2017** e **31.425,68 €** ao vindeiro exercicio 2018, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **11.953,43 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

Dito importe propónse a súa imputación, salvo mellor criterio por parte da Intervención Xeral, a partida 9200140000-outras modalidades de nomeamento persoal non permanente, aínda que na aplicación orzamentaria 23101310000 xenerouse ingresos (GEN 22/17) por importe de 129.827,06€ e na 23101600001 por importe de 55.640,17€.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente

“- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Diplomado/a en Traballo Social, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificadas as listaxes indicadas e comprobadas as mesmas co programa informático actualmente en desenvolvemento no Servizo de Administración electrónica, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D^a Seila Álvarez del Campo, con DNI *****.939-B e de D^a Elena Vázquez Otero, con DNI *****.043-H, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo..”

As mesmas aceptaron expresamente mediante escritos de data 02/11/2017, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **diplomados/as en traballo social** ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contidas nos escritos do 16/10/2017 e 26/10/2017, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **37.337,44 €**, dos que **6.222,91 € corresponden ao ano 2017** e **31.425,68 €** ao vindeiro exercicio 2018, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **11.953,43 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

Dito importe propónse a súa imputación, a partida 92001400000-outras modalidades de nomeamento persoal non permanente.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D^a Seila Álvarez del Campo**, con DNI *****.939-B e de **D^a Elena Vázquez Otero**, con DNI *****.043-H, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 81-diplomado/a traballo social), sendo adscrito/a ó Servizo de Benestar Social, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013..

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, á Xefa de Benestar Social, Xefe de Área de Política Social, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1272).- BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ART. 10.1 DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, COMO DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL. EXPTE. 30895/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17/11/17, dáse conta do informe-proposta do 16/11/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En escrito de data 18/10/2017, a Xefa do Servizo de Benestar Social, o Xefe da Área de política social e a Concelleira-delegada de Política social, solicitou a Área de Recursos Humanos e Formación o nomeamento interino por acumulación de tarefas, de cinco Diplomados/as en Traballo Social, pola escaseza de RR.HH existentes no Servizo para dar cobertura a actual carga de traballo existente no mesmo nos servizos comunitarios básicos, a acumulación producida na tramitación das demandas presentadas polos/as cidadáns.

II.- As listas existentes na actualidade, derivadas da Oferta de Emprego Público 2010-2011, e das Bolsas de 2011 e 2015, atópanse esgotadas. Ante esta situación, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, a través da instrución de servizo de data 9/11/2017, ordenou o inicio do presente expediente administrativo para a elaboración das bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1. do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Diplomados/as en traballo social, á maior brevidade. A referida convocatoria, publicarase a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

III.- En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamento, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propoñéndose a selección entre os presentados a través do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

En cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo

correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, atenderase ás necesidades do Servizo e e/ou peculiaridades de servizos concretos, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se as houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

A vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo esixe como requisitos específicos para o desempeño do postos de traballo de:

- Diplomados/as en traballo social- Subgrupo A2: -Estar en posesión do título académico oficial de Diplomado/a en Traballo Social ou equivalente, titulación esixida para o acceso á praza segundo o disposto na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (aprobada en Xunta de Goberno Local do 20/09/2010 e publicada no BOP nº 220, do martes 16/11/10), e modificacións puntais aprobadas con posterioridade. No caso de titulacións expedidas por organismo estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso. Como requisitos xerais para o acceso contémplanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:

-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

-Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

- Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

III.- En canto aos **órganos de selección de persoal** das Administracións Públicas (tribunais cualificadores, comisións de selección, etc..), faise constar que estes deberán axustarse á **configuración legal** esixida no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP e ao Art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o artigo 60 do texto refundido da lei do EBEP establece que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.

2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie.”

Por outro lado, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.

2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:

- a) El personal de elección o de designación política.***
- b) El personal funcionario interino o laboral temporal.***
- c) El personal eventual.***
- d) Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.***

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.

4. Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.

5. Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de

las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.

6. La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.

7. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos.”

Así mesmo, o artigo 10.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

IV.- Segundo reflicte o escrito de data 18/10/2017, da Xefa do Servizo de Benestar Social, o Xefe da Área de política social e a Concelleira-delegada de Política social, solicitando efectivos diplomados/as en traballo social, xustificado na escaseza de RR.HH existentes no Servizo para dar cobertura a actual carga de traballo existente no mesmo nos servizos comunitarios básicos, a acumulación producida na tramitación das demandas presentadas polos/as cidadán; queda debidamente xustificada a procedencia da convocatoria pública dos procesos selectivos que permitan os nomeamentos interinos previstos no art. 10.1.c) do TREBEP (diplomados/as en traballo social, subgrupo A2), sería necesario a aprobación das presentes bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita o seu nomeamento.

V.- Visto o recollido no artigo 37.2.e) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP, e vistas as atribucións que en canto á aprobación das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa da Intervención Xeral, sométese ao criterio de aquela a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Diplomados/as en traballo social, subgrupo A2, e que forman parte inseparable como ANEXO UNICO do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación integra no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

Segundo.- Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego de Diplomados/as en traballo social-subgrupo A2, a executar segundo as bases específicas reitoras que forman parte inseparable como ANEXO UNICO do presente acordo, ordenando a publicación de anuncio a tal efecto, que será

obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

Terceiro.- Habilitar expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Resolución de 19 de xuño do 2015.”

Carto.- Notificar o presente acordo á Área de Política Social, á Intervención Xeral e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse calquera dos **recursos** que se indican a continuación.

Recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a presente Resolución, no prazo dun mes dende o día seguinte ó da notificación ou publicación do mesmo no Boletín Oficial de Pontevedra (arts 112, 116, 123 e 124 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común). Transcorrido un mes dende a interposición do recurso sen que se dite ou notifique súa resolución, se entenderá desestimado por silencio administrativo, podendo neste caso interpor contra a desestimación presunta recurso contencioso-administrativo.

Recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da publicación da presente resolución.

En ambos casos, o recurso contencioso-administrativo se interporá ante o Xulgado Contencioso-Administrativo en cuxa circunscrición teña seu domicilio o demandante o se atope a sede do órgano autor do acto impugnado, a elección daquel. (8.1 e 14.1.2º da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO UNICO

BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, COMO DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL (SUBGRUPO A2). Expte. 30895/220)

I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha Bolsa de Emprego de diplomados en traballo social, subgrupo A2, que permita a cobertura interina

prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

II.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e, manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión do título académico oficial de Diplomado/a en Traballo Social ou equivalente de conformidade coas titulacións esixidas na Relación de Postos de Traballo.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, mediante fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado.

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na páxina municipal www.vigo.org dentro da sección "Ofertas de Emprego" e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerese de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

III.-SISTEMA DE SELECCION

O sistema de selección para esta bolsa de traballo será o de oposición libre.

IV.-FASE DE OPOSICIÓN

EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de dúas horas, a 4 temas elixidos ao chou mediante sorteo público, que se celebrará polo Órgano de selección en presenza dos/das aspirantes, dos que figuran como anexo a estas bases. Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado dos temas "A) Temas Xerais" e o resto ao apartado "B) Temas Específicos".

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios. Os e as aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, que determinará Órgano de Selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introducíranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante de maior idade e, se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios

interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP..

V.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

A solicitude dirixirase ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e presentarase no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **20 días naturais** contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria nun dos diarios de maior tirada da Provincia. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base II anterior (“Condicións dos aspirantes e acreditación documental”) e, no seu caso, do título CELGA 4, ou equivalente homologado.

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986225226 ou ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e páxina web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal www.vigo.org.

Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org..

VII.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, funcionario/a técnico de Administración Xeral ou Especial, ou técnico medio do Concello de Vigo ou calquera dos seus organismos autónomos, encadrado no subgrupo A1 de titulación, como mínimo, ou ben no subgrupo A2.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Os secretarios serán os responsables de elaboración das actas en soporte dixital e firmadas electrónicamente nos termos da lei 39/2015, e a Área de Recursos Humanos e Formación procederá no seu caso a darlle publicidade na paxina web do concello. Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e ss da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vogais:

-Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou seu organismo autónomo, ou de outras Administracións Públicas, encadrado/a no subgrupo A1 ou A2 de titulación, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerá en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal mediante a correspondente Instrución.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso. Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de Recursos Humanos deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes que renunciem expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto se rexeran polos criterios de xestión de listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 22 de xullo de 2016 no acordo de Modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva . (Expte 28442/220), do que transcribimos o apartado IV.

IV.-RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renunciacións os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- supostos de incapacidade temporal (IT);*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

T E M A R I O

A) TEMARIO XERAL

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
- Tema 2.- A Unión Europea: orixe, institucións e fontes. Órganos executivos e os seus poderes. O Consello de Ministros. A Comisión. O Parlamento Europeo: Composición e atribucións.
- Tema 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.
- Tema 4.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadroamento.
- Tema 5.- Organización municipal. Competencias.
- Tema 6.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.
- Tema 7.- Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.
- Tema 8.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacións e notificacións.
- Tema 9.- Contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Contido e forma de contrato.
- Tema 10. Procedemento de adxudicación dos contratos do sector público.
- Tema 11.- Os recursos administrativos: concepto e clases. O recurso contencioso administrativo.
- Tema 12.- Principios orzamentarios na Lei reguladora de facendas locais.

B) TEMARIO ESPECÍFICO

- Tema 1.- Historia e evolución do sistema de protección social en España.

- Tema 2.- O sistema público dos servizos sociais no marco dunha política de Benestar Social
- Tema 3.- A política social na Unión Europea: Marco legal. Carta Social Europea. Os Plans Nacionais de Inclusión. As políticas europeas para a inclusión social activa.
- Tema 4.- Marco legal dos servizos sociais. A Constitución española, o Estatuto de Autonomía, a Lei de Bases de Réxime Local.
- Tema 5.- Lei de servizos sociais de Galicia: estrutura e contido.
- Tema 6.- Os servizos sociais comunitarios: estrutura e contidos. Os servizos sociais comunitarios básicos e específicos: funcións e programas.
- Tema 7.- Os servizos sociais especializados. Definición, principios, obxectivos e competencias.
- Tema 8.- O traballo social como disciplina: concepto e desenvolvemento. O traballo social no conxunto das ciencias sociais.
- Tema 9.- Fundamentos, principios e funcións básicas do traballo social. Código deontolóxico dos traballadores sociais.
- Tema 10.- Metodoloxía do traballo social. Modelos máis usados no traballo social. Modelo sistémico.
- Tema 11.- A planificación e programación nos servizos sociais, técnicas aplicadas ao traballo social.
- Tema 12.- A avaliación dos programas e proxectos sociais no marco da atención social primaria. Técnicas e indicadores para ter en conta.
- Tema 13.- Os sistemas de información ao servizo da atención social. Novas tecnoloxías da información aplicadas ao traballo social. Protección de datos nos servizos sociais.
- Tema 14.- Técnicas e instrumentos empregados no Traballo Social.
- Tema 15.- As necesidades sociais: concepto, características e tipoloxía.
- Tema 16.- A Seguridade Social en España. Evolución e prestacións actuais.
- Tema 17.- Incapacidade temporal e incapacidade permanente: concepto, graos, requisitos, duración e contía da prestación económica.
- Tema 18.- O emprego como factor social de inclusión. Desemprego. Prestacións. Emprego Social protexido.
- Tema 19.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade entre homes e mulleres. Estrutura e contido. Contexto europeo neste eido.
- Tema 20.- A Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia.
- Tema 21.- Regulación do procedemento para o recoñecemento da dependencia e do dereito ás prestacións do sistema de dependencia e procedemento de elaboración do PIA da Comunidade Autónoma Galega.
- Tema 22.- As persoas maiores. Aspectos físicos, psicolóxicos e sociais do avellentamento. Novos roles da persoa maior na nosa sociedade. Programas, actuacións e recursos no concello de Vigo.
- Tema 23.- O servizo de Axuda no Fogar. Normativa, coordinación e funcionamento a nivel autonómico e local. Regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Vigo.
- Tema 24.- Evolución do marco normativo en materia de infancia. Da Declaración de Dereitos Humanos ata hoxe.
- Tema 25.- A familia e os menores: cambios na sociedade neste ámbito. Aspectos psicosociais da infancia. Menores en conflito social. Intervencións en situacións de desprotección infantil.
- Tema 26.- Programas e servizos para os menores e as familias a nivel autonómico e local.

- Tema 27.- Adolescencia e xuventude, aspectos psicolóxicos e sociais. Actuación do traballador social.
- Tema 28.- Normativa estatal, autonómica e local verbo da muller. Protocolo de actuación en situacións de violencia de xénero.
- Tema 29.- Mulleres en situación de dificultade social. Programas, servizos e recursos no ámbito autonómico e local.
- Tema 30.- Minorías étnicas e integración. Aspectos sociodemográficos e culturais. Situación no concello de Vigo.
- Tema 31.- Adiccións. Conceptos básicos. Clasificación. Lexislación e marco institucional. Estratexia nacional sobre drogas 2009-2016.
- Tema 32.- Plan de trastornos adictivos de Galicia. Plan local de drogodependencias e outras adiccións de Vigo.
- Tema 33.- Discapacidade: conceptos básicos. Aspectos físicos, psíquicos e sociais e legais. Intervención social con persoas con discapacidade.
- Tema 34.- A saúde mental: aspectos sociais e legais para ter en conta na intervención social con persoas con problemas de saúde mental.
- Tema 35.- Procesos sobre a capacidade das persoas, medidas preventivas e ingresos involuntarios
- Tema 36.- Poboación inmigrante: Aspectos sociodemográficos dos movementos migratorios. Marco xurídico e distribución competencial interadministrativa. Plan das Migracións e convivencia intercultural de Vigo: principios xerais e estratéxicos, obxectivos e liñas de actuación. Servizos e recursos específicos do concello de Vigo.
- Tema 37.- Análise sociodemográfico de Vigo. A nova sociedade intercultural. Implicacións para os servizos sociais e o traballo social.
- Tema 38.- Renda de integración social de Galicia.
- Tema 39.- Pobreza, desigualdade e exclusión social. Factores físicos, psicolóxicos e sociais. Programas de intervención social. Itinerarios de incorporación socio laboral. Empresas de inserción.
- Tema 40.- Intervención con persoas sen fogar: definición, principais características do transeuntismo. Factores físicos, psicolóxicos e sociais. Programas de intervención social. Recursos específicos no concello de Vigo.
- Tema 41.- Traballo social comunitario. Definición de comunidade, e variables a ter en conta para coñecerla. Concepto de TSC e obxectivos. Traballo con redes comunitarias. Aplicación aos servizos sociais comunitarios.
- Tema 42.- Modelos de desenvolvemento dunha comunidade. Fases de cada un deles e elementos diferenciadores. Técnicas grupais utilizadas no TSC.
- Tema 43.- Traballo social de grupo: Definición, obxectivos e finalidades do grupo. Criterios organizativos para os grupos. Procesos e fenómenos do grupo. Función do/a traballador/a social no grupo.
- Tema 44.- A entrevista individual/familiar aplicada ao traballo social. A entrevista no contexto da atención social primaria e a atención social especializada.
- Tema 45.- A historia social como soporte documental na intervención social individual e familiar do/a traballador/a social. Estrutura e contidos fundamentais.
- Tema 46.- O informe social como instrumento técnico do/a traballador/a social. Concepto, estrutura e contidos fundamentais.
- Tema 47.- O equipo interdisciplinar. Técnicas de traballo en equipo. Técnicas de preparación e desenvolvemento de reunións. Aplicación aos servizos sociais de atención primaria.
- Tema 48.- O voluntariado social. Aspectos legais. Estatuto xurídico do voluntariado. O seu papel nos servizos sociais.

17(1273).- INCOACIÓN EXPEDIENTE DISCIPLINARIO Á FUNCIONARIA MUNICIPAL CON NÚMERO DE PERSOAL 21700. EXPTE.: 30348/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do 20/11/17, asinado pola instrutora do expediente-técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, que di o seguinte:

Notificado o Prego de cargos na data 09/10/2017, á funcionaria municipal con DNI nº****052 Z, e nº persoal 21.700, adscrita ao Servizo de Educación do Concello de Vigo, e transcorrido o prazo de alegacións procedentes e de achega de documentos de relevancia, todo elo dentro do expediente disciplinario incoado por Decreto da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 18/07/2017; e en estrita aplicación do preceptuado no artigo 27 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, esta Instrución formula a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO CON SANCIÓN

Resultando: que por Resolución de data 18 de xullo de 2017 procedeuse á incoación de expediente disciplinario nº 30348/220 á funcionaria municipal nº de persoal 21.700 con DNI nº ****052 Z, auxiliar administrativa adscrita ao Servizo de Educación, motivada nas reiteradas ausencias inxustificadas ao traballo, contrastadas tanto por parte da inspección de persoal da Área de Recursos Humanos, como por parte da Xefatura do Servizo de adscrición, que reiteradamente ten comunicado dita incidencia;

Resultando: que no marco da tramitación do citado expediente disciplinario foi recibida declaración á funcionaria indicada, formalizada en acta de data 31/08/2017, na cal se procede á admisión expresa dos feitos contidos na resolución de incoación do expediente disciplinario de data 18/07/2017, concretados nas ausencias reiteradas e inxustificadas ao seu posto de traballo, alegando motivos de saúde, concretados na medicación que toma, que lle impide levantarse e problemas familiares, afirmando padecer unha patoloxía de longa duración e crónica;

Resultando: que a funcionaria municipal expedientada non acudiu o seu posto de traballo dende o 17/02/2017 ó 16/04/2017, presentando parte de baixa por I.T. con data 17/04/2017. Novamente presentado parte de alta de I.T. o día 15/05/2017, non acudiu o seu posto de traballo dende o 16/05/2017 ó 03/08/2017. A partir de dito día as xornadas de traballo foron as seguintes:

03/08/17	12:04 a 14:18 horas	6-7/09/17(Permiso días propios)	
09/08/17	09:53 a 14:06 horas	08/09/17	11:54 a 14.07 horas
18/08/17	11:49 a 14:31 horas	19/09/17	11:18 a 14:59 horas
22/08/17	10:33 a 14:06 horas	09/10/17	12:33 a 15:08 horas
23/08/17	----- a 14:28 horas		
25/08/17	11:33 a 14:11 horas		
28/08/17	10:30 a 14:07 horas		
31/08/17	10:46 a 14:09 horas		

O día 10 de outubro de 2017, presenta parte de baixa de I.T.

Todo elo de conformidade cos informes do inspector de persoal(trámites 16 e 62 do expediente).

Os partes de incapacidade temporal (IT) que constan no expediente non son susceptibles de sustentar as reiteradas ausencias producidas;

Resultando: que en informe emitido pola Inspección de Persoal en data 19/04/2017 ampliado co informe de data 10/11/2017, acredítase que a funcionaria municipal nº persoal 21700, auséntase ao traballo inxustificadamente con regularidade, incumprindo en consecuencia a xornada laboral, tendo sido efectuados descontos proporcionais ás ausencias na nómina municipal por tal motivo no período que abrangue dende decembro de 2016 ata outubro 2017;

Resultando: que como queira que a situación existente non ten revertido, nin sequera tras informar e advertir verbalmente á expedientada das consecuencias das reiteradas condutas realizadas pola mesma, e de ter sido efectuadas as correspondentes deducións de haberes na nómina municipal con carácter mensual, respectando o importe do salario mínimo interprofesional (SMI); e toda vez que as ausencias inxustificadas ao traballo continúan producíndose nos pasados meses, segundo consta nos datos obrantes na Inspección de Persoal;

Resultando: que á data de hoxe non consta colaboración, comunicación ou declaración de vontade algunha por parte da funcionaria municipal nº persoal 21700 en revertir a súa situación profesional, seguindo sen asistir ao seu posto de traballo;

Resultando: que na tramitación do procedemento foi seguido en todo momento o procedemento disciplinario recollido no Decreto 94/1991, do 20 de marzo, do Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, de aplicación ao persoal ó servizo das Administracións Locais, tendo sido respetados os dereitos constitucionais de audiencia, contradicción e defensa, como pode observarse no expediente administrativo; formulado e notificado o prego de cargos en data 09/10/2017 sen que conste a presentación de alegacións ao mesmo;

Considerando: Que os feitos probados ao longo da tramitación do expediente administrativo nº 30.348/220 resultan susceptible de vulnerar o Código de Conduta dos Empregados Públicos, recollido nos artigos 52, 53 e 54 da do Texto Refundido 5/2015, de 30 de outubro, do Estatuto Básico do Empregado Público, onde se recollen as obrigas dos empregados públicos, concretados no **incumprimento da xornada laboral e do deber de asistencia ao traballo mediante ausencia reiterada, inxustificada e persistente ao posto de traballo**, de conformidade cos datos obrantes no expediente xa referenciado, nas cales constan os datos relativos á asistencia ao traballo segundo o sistema informático de control de presenza horaria utilizado pola inspección de persoal;

Considerando: que dacordo ao marco legal vixente a dita conducta resulta ser constitutiva de **falta disciplinaria grave por incumprimento da xornada laboral e do deber de asistencia ao traballo**, segundo establece o artigo 4, apartado l) do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicable ao persoal ao servizo das entidades locais de Galicia por remisión normativa directa dos artigos 95.3 do Texto Refundido 5/2015, de 30 de outubro, do Estatuto Básico do Empregado Público, e artigo 1, apartado 3 do propio Decreto autonómico 94/1991 invocado;

Considerando: que dita conducta típica está sancionada coa **suspensión de funcións**, ao ser unha falta grave, de conformidade co disposto nos artigos 8, apartado b) e 9, apartado 2 do Decreto 94/1991, **por tempo non superior a 3 anos**, segundo dispón o artigo 9.2, último parágrafo do decreto indicado.

Considerando: que a potestade sancionadora que exerce a Administración Pública non se desenvolve a través dunha actuación que este gobernada polo principio da discrecionalidade, sino por unha actuación que debe decidir sobre cuestións xurídicas aplicando, de xeito regrado, conceptos, elementos, pautas e criterios prefixados en normas xurídicas. E elo, non so para decidir cales son os feitos e condutas acaecidos na realidade e si os mesmos se subsumen ou non nun tipo infracción previamente establecido na norma, sino tamén para determinar cal deba ser no caso concreto a sanción que a tales feitos e condutas corresponde segundo as previsións contidas a tal fin no ordenamento xurídico. Neste sentido e dentro do abanico previsto na norma, nosa xurisprudencia repetiu insistentemente que a sanción que se aplique debe estar informada polo principio de proporcionalidade, o que significa que debe ser adecuada a gravidade do feito constitutivo da infracción. Para o cal a Administración debe ponderar, en todo caso, as circunstancias concorrentes ao obxecto de alcanzar o necesario e debido equilibrio entre os feitos imputados e a responsabilidade exixida. Vista a situación social, médica e familiar da expedientada segundo se desprende das actuacións realizadas no expediente disciplinario a sanción imposta deberá en todo caso respectar os principios de proporcionalidade e equidade, aos efectos de conciliar a efectividade da sanción co mantemento de condicións sociais mínimamente dignas para calquera individuo;

Observando o disposto no Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local; Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado por Decreto 157/2004, así como o Real Decreto 33/1986, do 10 de xaneiro, do Regulamento do Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado, de aplicación supletoria aos funcionarios ó servizo da Administración Local; Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e vista a competencia que a **Xunta de Goberno Local** ostenta en canto ao réxime disciplinario dos funcionarios públicos segundo o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local,

PROPONSE:

PRIMEIRO.- Declarar á funcionaria funcionaria municipal con DNI nº*****052 Z, e nº persoal 21.700, administrativa de Administración Xeral adscrita ao Servizo de Educación do Concello de Vigo, responsable da comisión dunha falta disciplinaria grave, tipificada no artigo 4, apartado l) do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia, concretada no incumprimento da xornada laboral e do deber de asistencia ao traballo mediante ausencia reiterada, inxustificada e persistente ao posto de traballo, a corrixir coa sanción de suspensión de funcións por un tempo non superior a 3 anos, recollida nos artigos 8.b) e 9.2 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo indicado.

SEGUNDO.- Impoñer á funcionaria expedientada, en en consideración á situación da mesma acreditada no expediente, unha **sanción disciplinaria consistente na suspensión de**

funcións por 3 MESES, que deberá comezar a cumprir dende a data da notificación do presente acordo.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada, Sr. Presidente do Comité de Persoal, Sr/Sra. Concelleiro/a-delegado/a da Área, Intervención Xeral Municipal, Xefatura de Educación aos efectos oportunos”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que estime procedente en defensa dos seus dereitos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1274).- RECTIFICACIÓN ERRO MATERIAL NO EXPTE. 30702/220.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA DOS EFECTIVOS MUNICIPAIS CO Nº 79131 E 80549 AO MÁSTER UNIVERSITARIO EN LIDERAZGO E DIRECCIÓN PÚBLICA” . EXPTE.: 30984/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 28/11/17, asinado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Con data 11/10/2017, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 11 de outubro de 2017 adoptou acordo sobre "Proposta de autorización de asistencia dos efectivos municipais co nº p. 79131 e 80549 ao Máster universitario en liderazgo e dirección pública convocado polo INAP e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo. Expte. 30702-220".

Advertido erro no apartado quinto de dita resolución, no número de conta figurando a 20805000683110288501, cando debería figurar a conta nº ES58 2080 5000 6731 1028 7909, resulta procedente a súa rectificación.

De conformidade co disposto no artigo 109.2 da vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus ctos.

Á vista do acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegacións competenciais nos concelleiros/as delegados/a de Área (apartado Segundo, punto 6) corresponde -por defectoe en aplicación do previsto no artigo 127.1, apartados g) e h) á Xunta de Goberno Local autorizar as comisións de servizos do persoal adscrito á súa área cando sexan superiores a dous días, e, conseguintemente, a autorización do gasto en materias da súa competencia, propónse a dito órgano á adopción do seguinte acordo:

Único.- Rectificar ao abeiro do art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común, o erro detectado no apartado quinto do acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/10/2017, "Proposta de autorización de asistencia dos efectivos municipais co nº p. 79131 e 80549 ao Máster universitario en liderazgo e dirección pública convocado polo INAP e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo. Expte. 30702-220", debendo figurar o número de conta nº ES58 2080 5000 6731 1028 7909.

Notifíquese a presente resolución, aos efectivos afectados, á Intervención Xeral Municipal e Tesourería Municipal para coñecemento e efectos, significándose que contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes contando dende o seguinte a súa notificación, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin a vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1275).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE PRÉSTAMO TEMPORAL DA OBRA DE XAIME QUESADA "VIETNAM" PARA EXPOSICIÓN CONMEMORATIVA NO CENTRO CULTURAL E DE EXPOSICIÓN DE AFUNDACIÓN EN OURENSE. EXPTE. 6098/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22/11/17, asinado polo director do Museo municipal Quiñones de León, o xefe do servizo de Museos Municipais, o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

Con data 30 de xuño de 2017 recíbese no Museo municipal "Quiñones de León" escrito da Presidenta da Fundación Xaime Quesada Blanco no que se informa da organización para finais do presente ano dunha exposición conmemorativa do décimo cabodano do falecemento do pintor Xaime Quessada. A exposición será producida pola propia Fundación en colaboración con Afundación, o Concello de Ourense e a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e se celebrará entre o 20 de decembro de 2017 e o 4 de marzo de 2018 no Centro Cultural e de Exposicións de AFUNDACIÓN na cidade de Ourense.

No mesmo escrito a Fundación solicita o préstamo temporal da obra de Quessada "Vietnam" (nº inv. 538), que forma parte da colección de arte do Concello de Vigo e que se custodia dende este museo (datas de préstamo do 15 de decembro de 2017 ao 10 de marzo de 2018)

Trátase dunha exposición de recoñecemento e homenaxe ao pintor ourensán que recollerá unha selección da súa obra na que se evidencia a súa preocupación polos dereitos humanos, testemuñados polo pintor a través dalgúns acontecementos acontecidos no mundo durante o século XX.

Así, e para esta exposición, a Fundación Xaime Quesada Blanco solicita ao Museo municipal "Quiñones de León" o préstamo temporal da obra:

- **Artista:** Xaime Quessada Porto
- **Nº Inv.:** 538
- **Técnica:** Óleo/lenzo
- **Dimensións:** 130 x 195 cm
- **Título:** Vietnam
- **Valor a efecto de seguro:** 30.000 euros

Con posterioridade, a Fundación remite ao Museo o relatorio de condicións técnicas para exposicións da Sala de Exposicións AFUNDACIÓN en Ourense (Praza Maior, 4 Ourense)

Estudado o *Facility Report* que establece as condicións climáticas, de iluminación e seguridade da sala onde terá lugar a exposición para a que se solicita a obra, enténdese que estas contemplan todas as condicións que se consideran suficientes para proceder ao préstamo.

DISPOSICIÓNS LEGAIS.

Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
Regulamento de Bens das Entidades Locais.

RD 1372/1986, de 13 de xuño, de Regulamento de Bens das Entidades Locais.
O museo municipal “Quiñones de León” de Vigo foi declarado monumento histórico-artístico mediante decreto 474/1962 de 1 de marzo; e conseguintemente, coas súas coleccións, contan coa declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) mediante Resolucións de 10 e 19 de abril de 1991 da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia.

Segundo establece o artigo 64.1 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia -DOG núm 92, de 16 de maio de 2016- “ O traslado de bens mobles declarados de interese cultural (BIC) deberá ser autorizado pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e anotado no Rexistro de Bens de Interese Cultural. Indicarase a súa orixe e destino, o carácter temporal ou definitivo do traslado e as condicións de conservación, seguridade, transporte e, no seu caso, aseguramento”.

Vistos os antecedentes e dado o interese cultural da exposición así como a oportunidade para a divulgación do patrimonio artístico da colección de arte do Museo municipal “Quiñones de León”, a dirección deste museo propón á **Xunta de Goberno Local:**

1.- “Autorizar o préstamo temporal da seguinte obra:

- **Artista:** Xaime Quessada Porto
- **Nº Inv.:** 538
- **Técnica:** Óleo/lenzo
- **Dimensións:** 130 x 195 cm
- **Título:** Vietnam
- **Valor a efecto de seguro:** 30.000 euros

á Fundación Xaime Quesada Blanco, organizadora da exposición, que se celebrará entre o 20 de decembro de 2017 e o 4 de marzo de 2018 no Centro Cultural e de Exposicións de

AFUNDACIÓN na cidade de Ourense, segundo as condicións xerais que se achegan ao expediente”

2.- “En todo caso, o préstamo queda condicionado á aceptación, por parte da Fundación Luis Seoane, como promotor da exposición, das condicións xerais de préstamo que se achegan ao expediente, así como á resolución favorable da saída de obra por parte da Concellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1276).- CONSULTA PÚBLICA PARA APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE EDIFICACIÓN FORZOSA E REXISTRO MUNICIPAL DE SOLARES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 185/408.

Dáse conta do informe-proposta de data 20/11/17, asinado polo xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

I. No ámbito das competencias municipais, e este un instrumento fundamental para a concreción da función social da propiedade que establece o artigo 33 da Constitución, e que no ámbito da propiedade inmobiliaria obriga a que o exercicio das facultades dominicais debe realizarse de acordo co establecido na lexislación urbanística e nos plans de ordenación, e sempre conforme ao interese xeral.

O Rexistro Municipal de Solares e Edificios a Rehabilitar atopa a súa base constitucional no art. 47 que ordena aos poderes públicos a promover as condicións necesarias e establecer as normas pertinentes para facer efectivo o dereito dos españois a unha vivenda digna e adecuada, regulando a utilización do solo de acordo co interese xeneral para impedir a especulación.

II. En desenvolvemento dos citados preceptos constitucionais, o artigo 4.4 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana establece que *“as Administracións Públicas adoptarán medidas que aseguren a realización das obras de conservación, e a execución de actuacións de rehabilitación edificatoria, de regeneración e renovación urbanas que sexan precisas”*.

Neste senso, o rexistro de solares, é un instrumento legal de intervención no mercado do solo esencial para completar mallas urbanas e poñer en valor solos que dispoñen de todos os servizos urbanos necesarios para a ubicación inmediata neles de edificacións residenciais e o resto de usos autorizados, sen necesidade de ampliación da trama urbana co conseguinte aforro de custos de urbanización e de especial interese para a conformación da cidade continua e evitar riscos de seguridade, deterioro do ornato público e medioambientais.

No termo municipal de Vigo a existencia de solares vacantes explícase en non poucas ocasións, en función das disfuncións de titularidade que se producen sobre os mesmos. Non é infrecuente que a excesiva fragmentación dos títulos propietarios debida a sucesivas sucesións familiares, moitas veces non titularizadas, sexa tamén a causa do estado vacante. Tampouco o é a ausencia física de titulares, en ocasións nin sequera declarada e vinculada a miúdo á emigración producida.

III. Pois ben, é este un mecanismo eficaz, non só para a conformación da cidade, senón tamén, de control indirecto de prezos en prevención de retencións de solo, directa ou indirectamente, especulativa.

Por iso, este control debe vincularse a un programa de prioridades e posta no mercado dos solares adecuado á demanda existente e que sirva, tamén, para o incentivo da mesma e non para a súa colapso o que ocasionaría un efecto contrario á súa finalidade legal.

IV.- O artigo 137.1 da nova Lei do Solo de Galicia, obriga a este Concello á creación dun Rexistro de Solares, no cal incluíranse os solares e as construcións en ruína ou aquelas sobre as que non se realizaron as obrigacións de conservación, unha vez que se constatou que as medidas de execución forzosa resultan ineficaces para o seu cumprimento.

V.- A “Ordenanza reguladora do contido, organización e funcionamento do Rexistro Municipal de Soares e Edificacións a Rehabilitar” (aprobada polo Pleno Municipal en sesión do 27 de outubro de 2008 (BOP nº 239 de 10 de decembro de 2008- Expte.- 4720/401), actualmente vixente, debe adaptarse á nova regulación contida nos artigos 137 a 140 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e 337 a 340 e concordantes do seu Regulamento (Decreto 143/2016, do 22 de setembro).

VI.- O apartado 3 do artigo 337 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia atribúe a esta administración a regulación do seu contido, organización e funcionamento.

VII.- O artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, prevé que ,con carácter previo á elaboración dos proxectos ou anteprojectos da lei e regulamentos, substanciárase unha consulta pública para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma.

VIII -De acordo coa normativa de aplicación, previa proposta polo Consello da XMU, propónse a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para a elaboración e aprobación da modificación da “Ordenanza Municipal reguladora do contido, organización e funcionamento do Rexistro Municipal de soares e edificacións a rehabilitar de Vigo” aprobada polo Pleno Municipal en sesión do 27 de outubro de 2008 (BOP nº 239 de 10 de decembro de 2008), a través do enderezo <https://consulta.vigo.org>, durante o prazo de vinte (20) días, por remisión do artigo 83 do mesmo corpo legal, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións sobre os aspectos que figuran recollidos no anexo I do presente acordo.

SEGUNDO: Dar traslado deste acordo ao Servizo Municipal de Administración Electrónica para a posta en marcha do trámite de consulta na sede electrónica municipal.

TERCEIRO: Publicar o presente acordo na sede electrónica e no portal da transparencia. Non obstante, este informe proposta non é vinculante e o órgano competente poderá decidir, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

ANEXO I

ELABORACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA URBANÍSTICA REGULADORA DÁ EDIFICACIÓN FORZOSA E REXISTRO MUNICIPAL DE SOLARES DO CONCELLO DE VIGO

TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA AO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN DA NORMA

De conformidade co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, con carácter previo á elaboración dos proxectos ou anteprojectos da lei e regulamentos, substanciárase unha consulta pública para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, polo que, no seu cumprimento, lévase a cabo a consulta previa no procedemento para a modificación da Ordenanza reguladora da Edificación Forzosa e do Rexistro municipal de solares do Concello de Vigo.

A) Antecedentes da norma	<p>O Concello de Vigo desenvolve no ámbito das competencias legalmente atribuídas, a actividade de control e intervención en materia urbanística.</p> <p>Para o adecuado desenvolvemento desta actividade, o Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente en sesión do 27 de outubro de 2008 (BOP nº 239 de 10 de decembro de 2008) a “Ordenanza reguladora do contido, organización e funcionamento do Rexistro Municipal de Soares e Edificacións a Rehabilitar”.</p> <p>A normativa desta Ordenanza debe adaptarse á nova regulación contida nos artigos 137 a 140 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e 337 a 340 e concordantes do seu Regulamento (Decreto 143/2016, do 22 de setembro)</p>
B) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	Adecuar á regulación na Lei do Solo de Galicia e o seu Regulamento á normativa municipal do Rexistro de Solares, así como a previsión de acudir á venda forzosa dos inmo- bles incluídos no Rexistro.
C) Necesidade e oportunidade da súa aprobación	Completar mallas urbanas e poñer en valor solos que dispoñen de todos os servizos urbanos necesarios para a ubicación inmediata neles de edificacións residenciais e o resto de usos autorizados, sen necesidade de ampliación da trama urbana co conseguinte aforro de custos de urbaniza-

	ción e de especial interese para a conformación da cidade continua e evitar riscos de seguridade, deterioro do ornato público e medioambientais.
D) Obxectivos da norma	A modificación a iniciar terá por obxecto a adaptación da normativa municipal a nova lexislación urbanística de Galicia.
E) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	A solución alternativa pasaría pola non adaptación da Ordenanza municipal reguladora, o que levaría aparellado un conflito normativo coa nova lexislación coa conseguinte inseguridade xurídica para os operadores e o Concello. A opción regulatoria, ademais de ser a máis garante para a seguridade xurídica, ofrece tamén a oportunidade de actualizar as disposicións da referida Ordenanza municipal á nova lexislación.

Con data 23/11/17, o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, acorda o seguinte: “O Consello, por unanimidade, eleva á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e once minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez